



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRECE DE NOVIEMBRE DE DOS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 36)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **trece de novembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño e o Sr. Deputado Delegado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SEIS DE NOVIEMBRE DE DOS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de novembro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE ACCIDENTES PARA OS PARTICIPANTES E ALUMNOS DAS ACTIVIDADES E CURSOS ORGANIZADOS POLA DEPUTACIÓN DE LUGO, E USUARIOS DOS CAM.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Aos efectos de aprobación do expediente da póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo, e usuarios dos CAM.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7G44JOAB5KKVMI2PX4KETT5Y.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7G44JZ2H4PVK42WZNN75YS5Y.

Informe de Intervención relativo á existencia de crédito con CSV:
IV7G6SKJLQXD6TX22N4TCVKO4A.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV7G6QCNZL7TVCECYJPFMIRUA4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV:
IV7G6UA5GDULZHOSZVXCD4R654.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:
IV7G62CYZYHD73JS2BUSEZH6PY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo, e usuarios dos CAM.

2º.- O prazo de duración do contrato é de dous anos, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 1 de xaneiro de 2021, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro.

O contrato poderá prorrogarse, se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, podendo prorrogarse en dúas ocasións ata dúas anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

3º.- Aprobación do contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor

considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 105.385 €, IVE exento, e financíase de acordo coas seguintes anualidades e con cargo á Aplicación Orzamentaria 9200.224 (Administración Xeral, Primas de Seguros) segundo informe emitido por Intervención con CSV: IV7G6SKJLQXD6TX22N4TCVKO4A.

ANUALIDADES	APLICACIÓNS	IMPORTES
2021	9200.224	52.692,50 €
2022	9200.224	52.692,50 €
SUMA		105.385 €,

O procedemento contractual tramítase na modalidade de gasto anticipado, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

Dito gasto aplicarase a aplicación orzamentaria 9200.224 dos orzamentos do 2021 e 2022, quedando supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e o compromiso de incluír nos orzamentos das anualidades 2021 e 2022 as cantidades indicadas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lusada – Vilela”, P.K. 10+700 a 12+591.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lusada – Vilela”, P.K. 10+700 a 12+591, consta no mesmo:

Proxecto da obra PEDRAFITA DO CEBREIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lusada – Vilela”, P.K. 10+700 a 12+591, con CSV: IV7G46SY3VMIX5J62ZUSMZTS4E.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7G46S2JAZ7RDR3BUYGPZCVM4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7G46SYMDX46TX5DRQB47ZEOE.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7G46S3OAFNZGH567QWN5BHEQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7G4ADT3N7L6WO7CI7VI7RACU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7G5UIIJIODXG6ZY4AEIFXBIE.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7G5UINBFHMT7NLQ3V4GUDDOM.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: Pedrafita do Cebreiro.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lusada – Vilela”, P.K. 10+700 a 12+591, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 311.057,54 €, dos cales 53.982,19 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” PK 3+340 a 5+400.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 09 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6722YKNBVN4SVPWVUW4TXFOQ¹.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” PK 3+340 a 5+400, con CSV: IV6722YMD4PDXL6PQUNMIZSWOA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV672YPYP75SJPFJ3RPWOBYHE4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV67E3PSNYGO55O4CLUREDQOCY.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67E3RLLV62Z372SRWG74BH4I.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV67E7KOPU7TJLJDQ77VGRDFAU.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 28/08/2020 polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67FXHJPPULTHOLVUOQCBRAIA.

Publicación, o día 02/09/2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 07/10/2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7GQXK6ZFG4JTWOQNWUEACTHY.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 07/10/2020, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

LUGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2901 "LU-232- O BURGO- PALAS DE REI (N-547)" PK 3+340 A 5+400

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

104.729,95

VALOR ESTIMADO

86.553,68

DE IVE (partida independiente)

18.176,27

CLASIFICACION EXIGIDA:

NO

PRAZO DE EXECUCION:

9 MESES

MAXIMO

1.731,07

MELLORAS			
IMP. SIN IVE	28,20	IMP CON IVE	40,61

IMP. GX e BI 33,56

EMPRESAS / (GRUPO)			DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
				PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa 40,61	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado)		Plantel / Discapacitados	%	
				1	CHOLO SL		94.319,79 €	50,00	1.828,67	300,00 €	
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		94.874,87 €	0,00	0,00	200,00 €	41/1	90,59%	9,41%	94.874,87 €	
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	97.617,96 €	0,00	0,00	0,00 €	46/1	93,21%	6,79%	97.617,96 €	
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		97.241,76 €	213,00	8.031,46	1.731,08 €	127/3	92,85%	7,15%	89.210,30 €	
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	104.060,00 €	300,00	12.105,03	0,00 €	8/0	99,36%	0,64%	91.954,97 €	
6	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	87.232,00 €	51,71	1.749,04	661,16 €	16/0	83,29%	16,71%	85.482,96 €	
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	84.614,01 €	0,00	0,00	661,16 €	187/3	80,79%	19,21%	84.614,01 €	
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL		101.980,80 €	18,00	711,83	151,47 €	87/2	97,38%	2,62%	101.268,97 €	
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		100.153,25 €	8,00	310,68	260,33 €	2/0	95,63%	4,37%	99.842,57 €	
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	87.241,00 €	0,00	0,00	0,00 €	37/1	83,30%	16,70%	87.241,00 €	
11	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	96.074,00 €	130,00	4.842,70	1.730,00 €	151/4	91,73%	8,27%	91.231,30 €	
12	TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL		98.446,16 €	150,00	5.726,01	661,16 €	37/2	94,00%	6,00%	92.720,15 €	

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
1			Oferta
1	CHOLO SL		92.491,12 €
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		94.874,87 €
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	97.617,96 €
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		89.210,30 €
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	91.954,97 €
6	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	85.482,96 €
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	84.614,01 €
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL		101.268,97 €
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		99.842,57 €
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	87.241,00 €
11	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	91.231,30 €
12	TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL		92.720,15 €

MEDIA
92.690,88

BAIXA DESPROPORCIONADA
83.421,80

10% ARRIBA
101.959,97

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mismo grupo:
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procédese á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CHOLO SL		94.319,79 €	38,81	50,00	3,33	300,00 €	0,87	43,01
2	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		94.874,87 €	36,74	0,00	0,00	200,00 €	0,58	37,32
3	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	97.617,96 €	26,52	0,00	0,00	0,00 €	0,00	26,52
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		97.241,76 €	27,92	213,00	14,20	1.731,08 €	5,00	47,12
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	104.060,00 €	2,50	300,00	20,00	0,00 €	0,00	22,50
6	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	87.232,00 €	65,24	51,71	3,45	661,16 €	1,91	70,60
7	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	84.614,01 €	75,00	0,00	0,00	661,16 €	1,91	76,91
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL		101.980,80 €	10,25	18,00	1,20	151,47 €	0,44	11,89
9	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		100.153,25 €	17,06	8,00	0,53	260,33 €	0,75	18,34
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	87.241,00 €	65,21	0,00	0,00	0,00 €	0,00	65,21
11	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	96.074,00 €	32,27	130,00	8,67	1.730,00 €	5,00	45,94
12	TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL		98.446,16 €	23,43	150,00	10,00	661,16 €	1,91	35,34

A Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	B	76,91
2	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	B	70,60
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	C	65,21
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		47,12
5	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	C	45,94
6	CHOLO SL		43,01
7	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		37,32
8	TA ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO SL		35,34
9	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	26,52
10	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	22,50
11	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		18,34
12	GRUPO BASCUAS 2008 SL		11,89

Requirir á empresa Francisco Gómez y Cía SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 14/10/2020, con CSV: IV7GQLRDGBMZZ5MJW4NB67QHEQ, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Francisco Gómez y Cía SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da

Plataforma de Contratos do Sector público, o día 16/10/2020, rematando o prazo de presentación o día 30/10/2020. A mercantil Francisco Gómez y Cía SL, presentou a documentación requirida o 29/10/2020.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 09/11/2020, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Francisco Gómez y Cía SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL representada por D. Alberto López Martín, a contratación da obra denominada LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232-O Burgo- Palas de Rei (N-547)” PK 3+340 a 5+400 no prezo de 84.614,01 €, dos cales 14.685,08€ corresponden ao IVE (21%) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 661,16 € mais 138,84€ de IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento

administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL representada por D. Alberto López Martín, a contratación da obra denominada LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232-O Burgo- Palas de Rei (N-547)” PK 3+340 a 5+400 no prezo de 84.614,01 €, dos cales 14.685,08€ corresponden ao IVE (21%) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 661,16 € mais 138,84€ de IVE e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en

documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓNS (TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, DATOS E ACCESO A INTERNET) DA REDE INTERADMINISTRATIVA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes:

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67SKA6PHR54XZLA5VCO4KUF4.

Prego de prescricións técnicas con CSV: V66QOH3MFRSL66CXTUBANJ64E.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67WMHI3E6LL7XMDU7E4VABAQ.

Informe xurídico-administrativo con CSV: IV67WMHYPFBMTKU6RRVABYPSEU.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV67WMLMLVHMVSJKCVMH6FYEOI.

Acordo da Xunta de Goberno de data doce de xuño de dous mil vinte , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e no DOUE.

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 6 de agosto de 2020, deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
UTE TELEFONÍA ESPAÑA.S.A.U.-TELEFONÍA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.

Tendo en conta que a empresa concorrente presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre A, documentación administrativa, resultando que a licitadora presenta a declaración responsable esixida nos pregos de cláusulas administrativas debidamente.

A Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que a licitadora presentan a memoria técnica, seguindo o índice previsto nos pregos. A Mesa acorda enviar a documentación contida nos sobres B presentados

polas licitadoras a informe e valoración do Servizo de Comunicación e TICs.

O día 29 de setembro de 2020, reúnese novamente a Mesa de Contratación para dar conta do informe emitido polo servizo de Novas Tecnoloxías, en relación a avaliación da oferta técnica presentada pola UTE Telefonía España. S.A.U.-Telefonía Móviles España, S.A.U. As valoracións realizadas no informe resúmese no seguinte cadro resumo coa puntuación obtida pola proposta presentada, na valoración dos “Criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (ata un máximo de 40 puntos)” .

Criterio	Puntuación máxima	Puntuación obtida
1. Calidade da oferta.	40	29,25
1.1. Rede Interadministrativa Provincial.	5	4
1.2. Accesos a internet da Rede Interadministrativa Provincial	5	5
1.3. Accesos a internet para centros remotos	3	1
1.4. Servizo de telefonía fixa	5	4
1.5. Servizo de telefonía móbil	5	3
1.6. Servizo e infraestrutura de seguridade	5	5
1.7. Servizo de asesoramento e consultoría	2	1
1.8. Facturación	1	0,5
1.9. Mantemento, SLAs, xestión e calidade de prestación do servizo	3	2
1.10. Seguimento continuado do servizo. Informes de seguimento	1	0,5
1.11. Ferramentas de monitorización	1	0,75
1.12. Plan de implantación	2	1,5
1.13. Finalización do contrato. Plan de devolución do servizo	2	1

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre “C”, cos seguintes resultados, e que a continuación se fan constar:

CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS OU AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Oferta económica	40
Plan de Formación	16
Campaña de comunicación e sensibilización:	4

Oferta económica. Valorarase cun máximo de 40 puntos.

A UTE Telefonía España. S.A.U.-Telefonía Móviles España, S.A.U “Oferta realizar o obxecto do contrato por un prezo (estimado por dous anos) de 768.000 euros máis 161.280 euros en concepto de IVE (21%), ascendendo o importe total a 929.280 euros para os dous anos.”

LICITADORES	PREZO CON IVE INCLUIDO	PUNTUACIÓN TOTAL (Puntuación máxima 40 puntos)
UTE TELEFONÍA ESPAÑA.S.A.U.- TELEFONÍA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U.	929.280 euros	40 PUNTOS

*Será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.(límite en 843.975 euros).

Plan de formación: Valorarase de 0 ata 16 puntos.

A puntuación deste criterio virá determinada polas seguintes táboas:

CURSO OFICIAL	INCREMENTO DE ASISTENTES/INSCRICIÓNS SOBRE O MÍNIMO RECOLLIDO NO PUNTO 10 DO PPT (1)	PUNTOS OBTIDOS
COMPTIA Security+	0	0
	1	1,33
	2	2,67
	3	4

CURSO OFICIAL	INCREMENTO DE ASISTENTES/INSCRICIÓNS SOBRE O MÍNIMO RECOLLIDO NO PUNTO 10 DO PPT (1)	PUNTOS OBTIDOS
COMPTIA Network+	0	0
	1	1,33
	2	2,67
	3	4

CURSO OFICIAL	INCREMENTO DE ASISTENTES/INSCRICIÓNS SOBRE O MÍNIMO RECOLLIDO NO PUNTO 10 DO PPT (1)	PUNTOS OBTIDOS
Certified Information Systems Security Professional (CISSP)	0	0
	1	1,33
	2	2,67
	3	4

CURSO OFICIAL	INCREMENTO DE ASISTENTES/INSCRICIÓN SOBRE O MÍNIMO RECOLLIDO NO PUNTO 10 DO PPT (1)	PUNTOS OBTIDOS
Curso Oficial de fabricante do firewall proposto como segunda barreira perimetral	0	0
	1	1,33
	2	2,67
	3	4

A UTE Telefonía España, S.A.U.-Telefonía Móviles España, S.A.U oferta neste criterio o seguinte.

(*) Os licitadores deben ofertar neste criterio os posibles valores isto é: 0, 1, 2, 3. Deberán inserir estes valores en formato de número natural (en número, non en letra).

CURSO	INCREMENTO DE ASISTENTES/INSCRICIÓN OFERTADO SOBRE O MÍNIMO RECOLLIDO NO PUNTO 10 DO PPT (1) POLO LICITADOR (*)	PUNTUACIÓN
COMPTIA Security+	3	4 PUNTOS
COMPTIA Network+	3	4 PUNTOS
Certified Information Systems Security Professional (CISSP)	3	4 PUNTOS
Curso Oficial de fabricante do firewall proposto como segunda barreira perimetral	3	4 PUNTOS

Campaña de comunicación e sensibilización: Valorarase de 0 ata 4 puntos

A puntuación deste criterio virá determinada pola seguinte táboa:

Porcentaxe asignado á campaña de comunicación en relación ao orzamento base da licitación	Puntuación obtida
0 %	0
0,1 %	2
0,2 %	4

A UTE Telefonía España, S.A.U.-Telefonía Móviles España, S.A.U oferta neste criterio o seguinte.

(*)Os licitadores deben ofertar un dos 3 valores posibles recollidos na táboa previa, isto é: 0 %, 0,1 %, 0,2 %. Calquera outro símbolo ou grafía inserida na táboa, fará que a proposta obteña 0 puntos na valoración deste criterio. En caso de que non se introduza ningún valor na oferta entenderase que non realiza a mesma e a puntuación será cero puntos, neste apartado.

Porcentaxe asignado á campaña de comunicación en relación ao orzamento base da licitación polo licitador(*)	PUNTUACIÓN
0,2%	4 PUNTOS

A Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia o día 07 de outubro de 2020 (CSV: IV7GQTRMMBJO5PHZ6V5XEMRWIQ).

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de outubro de 2020.

Acreditase no expediente presentación de documentación administrativa por parte das empresas que integran a UTE telefonía España. S.A.U.-Telefonía Móviles España, S.A.U o día 27.10.2020 dentro do prazo concedido a tales efectos.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Telefónica de España SAU,

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación.

Persoas Xurídicas:

Consta no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia o CIF da empresa e o representante da empresa, Manuel Ángel Alonso Pérez. A inscrición no Rexistro Mercantil da empresa consta na escritura de constitución da UTE, onde se indica que foi constituída por tempo indefinido coa denominación de “Telefónica, Sociedad operadora de servicios de telecomunicaciones en España, S.A.” mediante escritura de constitución outorgada ante o Notario de Madrid, D. Agustín Sánchez Jara, con data 24 de abril de 1.998, número 3028 de protocolo, subsanada por outra escritura autorizada polo mesmo fedatario, o día 27.05.1998,

número 3867 de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, ao Tomo 13.170, Libro 0, folio 6, Sección 8ª, folla M-213180, inscrición 1ª.

Consta obxecto social adecuado para a prestación do obxecto da contratación.

Consta en certificado de apoderamiento no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia a nome de Manuel Ángel Alonso Pérez e vixencia ata o 31.12.3000. As súas facultades son:

Acudir a concursos e subastas sen límites de contía.

Suscribir acordos de patrocinio publicitario comercial, ata un límite de 60.100 euros por operación.

Aporta declaración responsable da vixencia dos datos que constan no certificado de inscrición no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia.

2. Aporta solicitude de alta de data 16.10.2020 no epígrafe 769.1 “Otros servicios de telecomunicacion”. A declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s, consta no Anexo I do sobre A.

3. Consta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coa Agencia Tributaria de data 02.09.2020.

4. Autorizou a esta Administración a recadar certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, de non ter débedas tributarias en período executivo con esta, que se emitiu polo Servizo de xestión, recadación e inspección tributaria o 02.11.2020.

5. Presenta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 05.10.2020.

6. Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores de data 25.10.2020.

7. Consta clasificación da empresa no Grupo V, Subgrupo 04 “Servicio de telecomunicaciones”, Categoría d (para operacións de contía igual ou superior a 600.000 euros), polo que acredita as condicións de solvencia económica, financeira e técnica, para elo aporta:

Certificado como contratista de servizos expedido pola Xunta Consultiva de Contratación do Estado nos grupos reseñados.

Declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias que constan no dito rexistro non experimentaron variación.

9. Presenta documento no que nomea a D. Miguel Hinojosa Sánchez como interlocutor responsable por parte da adxudicataria, para este proxecto.

Telefónica Móviles España SA,

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación.

Persoas Xurídicas:

Consta no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia o CIF da empresa e o representante da empresa, Manuel Ángel Alonso. A inscrición no Rexistro Mercantil da empresa consta na escritura de constitución da UTE, onde se indica que foi constituída por tempo indefinido coa denominación de “Telefónica Servicios, S.A.” mediante escritura de constitución outorgada ante o Notario de Madrid, D. Miguel Metanza Fraguero, con data 11 de outubro de 1.988, número 3867 de protocolo. Coa denominación social que actualmente ostenta consta en escritura otorgada en Madrid o día 11.05.2000 ante o Notario D. Antonio Crespo Monerri, número 1708 de protocolo e inscrita en Rexistro Mercantil de Madrid, ao Tomo 14.912, Libro 0, Folio 213, Sección 8ª, folla número M27862, inscrición 98.

Consta obxecto social adecuado para a prestación do obxecto da contratación.

Consta en certificado de apoderamiento no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia a nome de Manuel Ángel Alonso Pérez e vixencia ata o 31.12.3000.As súas facultades son:

Acudir a concursos e subastas sen límites de contía.

Suscribir acordos de patrocinio publicitario comercial, ata un límite de 60.100 euros por operación.

Aporta declaración responsable da vixencia dos datos que constan no certificado de inscrición no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia.

2. Aporta solicitude de alta de data 16.10.2020 no epígrafe 769.1 “Otros servicios de telecomunicacion”.A declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s, consta no Anexo I do sobre A.

3. Consta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coa Agencia Tributaria de data 02.09.2020.

4. Autorizou a esta Administración a recadar certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredita non ter débedas tributarias en período executivo con esta, que se emitiu polo Servizo de xestión, recadación e inspección tributaria o 02.11.2020.

5. Presenta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 10.09.2020.

6. Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores de data 24.09.2020.

7. Consta clasificación da empresa no Grupo V, Subgrupo 04 “Servicio de telecomunicaciones”, Categoría d (para operacións de contía igual ou superior a 600.000 euros), polo que acredita as condicións de solvencia económica, financeira e técnica, para elo aporta:

Certificado como contratista de servizos expedido pola Xunta Consultiva de Contratación do Estado nos grupos reseñados.

Declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias que constan no dito rexistro non experimentaron variación.

9. Presenta documento no que nomea a D. Miguel Hinojosa Sánchez como interlocutor responsable por parte da adxudicataria, para este proxecto.

UTE-Telefónica de España SAU- Telefónica Móviles España SA,

Aporta CIF da UTE.

Escrituras de constitución da U.T.E. “Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U., Unión Temporal de Empresas” mediante escritura de constitución outorgada ante o Notario de Madrid, D. Ángel Almoguera Gómez, con data 16.10.2020 e número de protocolo 3.896.

No seu compromiso de constitución da UTE presentado no sobre A “Documentación administrativa” ,maniféstase que as sociedades que constituirán a UTE acordaron designar a D. José Luis López Baeza, como Representante do Xerente (Telefónica de España, S.A.U.) e Apoderado Único da Unión Temporal de Empresas a constituír entre as referidas Sociedades, con plena facultade de representación para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgarse para cobros e pagos de contía significativa.

Presenta na Tesourería da Deputación un aval por un importe de 38.400 euros bastantado pola Abogacía do Estado. Consta o movemento sentado en Libro Diario de Contabilidade Presupuestaria de fecha 30.10.2020.

Non aporta o bastanteo do poder do representante da UTE D. José Luis López Baeza, pero aportar as escrituras de constitución da UTE e o D.N.I. do representante, polo que a Mesa de Contratación acorda validar este extremo condicionado a que Asesoría Xurídica realice o correspondente bastanteo do poder do representante da UTE.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, e por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, e condicionado a que a Asesoría Xurídica de esta Deputación realice o bastanteo do poder do representante da UTE, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a contratación dos servizos de comunicacións (telefonía fixa, móbil, datos e acceso a internet) da rede interadministrativa provincial da Deputación de Lugo á U.T.E. “Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U., segundo o ofertado e que se detalla a continuación.

LICITADORES	Oferta económica	INCREMENTO DE ASISTENTES/INSCRICIÓN OFERTADO SOBRE O MÍNIMO RECOLLIDO NO PUNTO 10 DO PPT (1) POLO LICITADOR (		Porcentaxe asignado á campana de comunicación en relación ao orzamento base da licitación polo licitador(*)
Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U (U.T.E.)	Oferta realizar o obxecto do contrato por un prezo (estimado por dous anos) de 768.000 euros máis 161.280 euros en concepto de IVE (21%), ascendendo o importe total a 929.280 euros para os dous anos.	CURSOS	INCREMENTO ASISTENTES	0,2% sobre o orzamento base de licitación
		COMPTIA Security+	3	
		COMPTIA Network+	3	
		Certified Information Systems Security Professional (CISSP)	3	
		Curso Oficial de fabricante do firewall proposto como segunda barreira perimetral	3	

A duración do contrato será de 2 anos prorrogables por outros dous anos (2+2).

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 11:24 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación dos servizos de comunicacións (telefonía fixa, móbil, datos e acceso a internet) da rede interadministrativa provincial da Deputación de Lugo á U.T.E. “Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U., segundo o ofertado e que se detalla a continuación.

LICITADORES	Oferta económica	INCREMENTO DE ASISTENTES/INSCRICIÓN OFERTADO SOBRE O MÍNIMO RECOLLIDO NO PUNTO 10 DO PPT (1) POLO LICITADOR (		Porcentaxe asignado á campana de comunicación en relación ao orzamento base da licitación polo licitador(*)
Telefónica de España, S.A.U., Telefónica Móviles España, S.A.U (U.T.E.)	Oferta realizar o obxecto do contrato por un prezo (estimado por dous anos) de 768.000 euros máis 161.280 euros en concepto de IVE (21%), ascendendo o importe total a 929.280 euros para os dous anos.	CURSOS	INCREMENTO ASISTENTES	0,2% sobre o orzamento base de licitación
		COMPTIA Security+	3	
		COMPTIA Network+	3	
		Certified Information Systems Security Professional (CISSP)	3	
		Curso Oficial de fabricante do firewall proposto como segunda barreira perimetral	3	

Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación o importe do contrato ascende a 929.280 euros, e financíase de acordo as seguintes anualidades:

ACTUACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE 2020	IMPORTE 2021	IMPORTE 2022
Serv. comunicación e mantemento rede	9200.22200	-----	443.406,45	443.406,45
Serv. Infraestrutura e Seguridade (hardware)	9200.626	42.467,10	-----	----
		42.467,10	443.406,45	443.406,45

Existe consignación no orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 42.467,10€, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 e 2022 as cantidades sinaladas nas aplicacións indicadas.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º. A duración do contrato será de 2 anos prorrogables por outros dous anos (2+2).

4º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, , e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PRECISOS PARA A MATERIALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 9 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV677TLPLBX2LL774F6D74Z7JY².

Memoria xustificativa, con CSV: IV67YTTTCFVS5H57WV5FJYQUEU.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV67YUB5L3X5ZDNPYEVGEYSHKY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV677QB4B3WMVSBC65G457R7AE.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV6722PC3RM55CZM4I7EK4SQCA.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV6722TDFVFCQSM7QUFCC7YQ7Y.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV67223TZUMPTWX76N7VOBSC4M.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV6726ANZIJPJFF63U7VEASR5Y.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 14 de agosto do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV672PCY3DZORKHNU37BCY7AIQ.

Publicación o 21 de agosto do 2020 do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 18 de setembro do 2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7GWSZSEEN2KSVTSVUNENZH4U, na que se recolle o seguinte:

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES	LOTES
EL PROGRESO DE LUGO S.L.	1
LA VOZ DE GALICIA S.A.	2
GALICIA MEDIA SL	3
GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL S.L.	3
LAZENTRAL MEDIA DEALERS S.L.	3
ANÓNIMO ADVERTISING S.L.	4
CANLE DE COMUNICACIÓN S.L.	4

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa) resultando que:

A licitadora ao lote 1, El Progreso de Lugo S.L. presenta declaración asinada pola representante da empresa sobre o último dato publicado no informe do Estudio Xeral de Medios (EGM), pero non achega o informe do Estudio Xeral de Medios (EGM) referido á anualidade 2019, esixido na letra O do Cadro Resumo do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe esta licitación. A Mesa acordou solicitar dita documentación á licitadora.

O resto de licitadoras presenta a documentación correctamente.

A Mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación. No caso do lote 1, a admisión queda condicionada á presentación de dito informe do EGM.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

Lote 1. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial.

Descrición	Límite (ive non engadido)	EL PROGRESO DE LUGO S.L. % de desconto ofertado
Custo media páxina par, en cor. Día laboral	Máximo: 1.400 €	26,50%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral	Máximo: 1.600 €	33,00%
Custo páxina par, en cor. Día laboral	Máximo: 2.400 €	29,50%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral	Máximo: 2.500 €	35,50%
Módulo (mínimo 30x50), en cor. Día laboral.	Máximo: 60 €	20,25%
Banner medio online (mínimo 300px 300px)	Máximo: 150€/día	16,75%

Descrición	ELPROGRESO DE LUGO Oferta
Acreditación ISO 14001 de xestión ambiental ou similar.	NON
Publicación de páxinas impares en cor sen custo (1 punto por páxina gratuíta ofertada, máximo 5 puntos)	Páxinas sen custo: 5 páxinas
Días de publicación de banner en medio online sen custo (1 punto por cada 48 horas ofertadas, máximo 4 puntos)	Horas: 192 horas

Debido a un erro, leuse no acto público de apertura que a licitadora si acredita ISO 14001 de xestión ambiental ou similar, o que foi aclarado e rectificado na propia sesión da Mesa, unha vez finalizado o acto público, no senso de que o marcado é que non acredita.

Lote 2. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico.

Descrición	Límite (IVE non engadido)	LA VOZ DE GALICIA SA % de desconto ofertado
Custo media páxina par, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 2.500 €	5%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 3.000 €	5%
Custo páxina par, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 3.500 €	5%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 4.200 €	5%
Módulo (mínimo 30x45), en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 120€	50%
Banner medio online (mínimo 300px 300px). Edición Galicia	Máximo: 1.900€ día	5%
Custo media páxina par, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 900 €	5%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.000 €	5%
Custo páxina par, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.300 €	5%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.600 €	5%
Módulo (mínimo 30x45), en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 80€	50%
Banner medio online (mínimo 300px 300px). Edición Provincial	Máximo: 150€ día	5%

Descrición	LA VOZ DE GALICIA SA Oferta
Acreditación ISO 14001 de xestión ambiental ou similar.	NON
Publicación de páxinas impares en cor sen custo (1 punto por páxina gratuita ofertada, máximo 5 puntos)	Páxinas sen custo: 2
Días de publicación de banner en medio online sen custo (1 punto por cada 48 horas ofertadas, máximo 4 puntos)	Horas: 48

Lote 3. Servizos dunha axencia de medios para a difusión de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.

Descrición	Límite	GALICIA MEDIA SL % de desconto ofertado	GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL SL % de desconto ofertado	LAZENTRAL MEDIA DEALERS % de desconto ofertado
Desconto sobre tarifas oficiais en prensa diaria provincial/autonómica. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio	Mínimo: 5%	48,90%	35%	10,00%
Desconto sobre tarifas oficiais en radio. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio	Mínimo: 5%	70,69%	80%	40,00%
Desconto sobre tarifas oficiais en medios especializados. Semanarios, revistas, publicacións especializadas, e publicacións non diarias. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio	Mínimo: 5%	44,51%	50%	10,00%
Desconto sobre tarifas oficiais en televisións.	Mínimo: 5%	82,78%	50%	80,00%

Descrición	Límite	GALICIA MEDIA SL % de desconto ofertado	GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL SL % de desconto ofertado	LAZENTRAL MEDIA DEALERS % de desconto ofertado
Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio				
Desconto sobre tarifas oficiais en Axencias de Noticias Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio	Mínimo: 5%	8,36%	35%	80,00%
Comisión da axencia pola elaboración de plans de comunicación concreto por campaña Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca unha menor comisión pola creación dos contidos. A % ofertada calcularase en función do custo da publicidade contratada neste lote para esa campaña.	Máximo: 10% Mínimo: 0%	0,00%	0,01%	0,00%
Comisión da axencia por xestión en medios sen tarifas oficiais, non recollidos no plan de medios ou negociados directamente pola Deputación. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca unha menor comisión pola creación dos contidos. A % ofertada calcularase en función do custo da publicidade contratada neste lote para esa campaña.	Máximo: 10% Mínimo: 0%	0,00%	0,01%	0,00%

Lote 4. Servizos dunha axencia de publicidade para a difusión e a creación dos contidos de diversa natureza das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.

Descrición	Límite	ANÓNIMO ADVERTISING % de desconto ofertado	CANLE DE COMUNICACIÓN SL % de desconto ofertado
Desconto sobre tarifas oficiais en prensa diaria provincial/autonómica. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio	Mínimo: 5%	6,00%	48,50%
Desconto sobre tarifas oficiais en radio. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio	Mínimo: 5%	7,50%	70,69%
Desconto sobre tarifas oficiais en medios especializados. Semanarios, revistas, publicacións especializadas, e publicacións non diarias. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio	Mínimo: 5%	6,00%	44,60%
Desconto sobre tarifas oficiais en televisións. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca un maior desconto sobre as tarifas oficiais vixentes e publicadas no medio	Mínimo: 5%	7,00%	83,62%
Comisión da axencia pola creación de contidos e imaxe da campaña Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca unha menor comisión pola creación dos contidos. A % ofertada calcularase en función do custo da publicidade contratada neste lote para esa campaña.	Mínimo: 5%	8,00%	5,00%
Comisión da axencia pola elaboración de plans de comunicación concreto por campaña Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca unha menor comisión pola creación dos contidos. A % ofertada calcularase en función do custo da publicidade contratada neste lote para esa campaña.	Máximo: 10% Mínimo: 0%	6,50%	0,00%
Comisión da axencia por xestión en medios sen tarifas oficiais, non recollidos no plan de medios ou negociados directamente pola Deputación. Levará maior puntuación aquela oferta que ofrezca unha menor comisión pola creación dos contidos. A % ofertada calcularase en función do custo da publicidade contratada neste lote para esa campaña.	Máximo: 10% Mínimo: 0%	4,00%	0,00%

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29 de setembro do 2020, con CSV IV7GW4DZHIJT5DO46F5U4ETTOU, na que:

Informouse á Mesa de que, tal e como acordara na sesión de 18 de setembro de 2020, solicitouse, con data 25 de setembro, aclaración da documentación presentada no Sobre A para o lote 1 á licitadora El Progreso de Lugo S.L., no senso de que achegue o informe do Estudio Xeral de Medios (EGM) referido á anualidade 2019, esixido na letra O do Cadro Resumo do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe esta licitación. A licitadora presentou na mesma data a documentación solicitada.

Previa a valoración, realizouse o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:

Lotes 1 e 2, nos que concorre en cada un, un único licitador:

A cláusula 13 do PCAP recolle o seguinte:

“En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

(...) En caso de licitación con prezos unitarios, considerarase o importe resultante de aplicar a oferta expresada en porcentaxe ao importe anual do contrato, IVE excluído, axustando o importe a dous decimais. O anterior aplicarase de acordo co establecido no Cadro Resumo”.

O desconto medio ofertado pola única licitadora presentada ao Lote 1, El Progreso de Lugo, S.L. é de 26,92 %, polo que a oferta, en principio, é desproporcionada ou anormal.

O desconto medio ofertado pola única licitadora presentada ao Lote 2, La Voz de Galicia S.A. é de 12,5 %, polo que a oferta non é considerada desproporcionada ou anormal. Procédese á valoración deste lote:

Criterio de valoración	Puntuación
Oferta económica	90
Acreditación ISO 14001 de xestión ambiental ou similar.	0
Publicación de páxinas impares en cor sen custo (1 punto por páxina gratuita ofertada, máximo 5 puntos)	2
Días de publicación de banner en medio online sen custo (1 punto por cada 48 horas ofertadas, máximo 4 puntos)	1
TOTAL	93

Lote 3, ao que concorren tres licitadores:

“En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

(...)

Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

(...) En caso de licitación con prezos unitarios, considerarase o importe resultante de aplicar a oferta expresada en porcentaxe ao importe anual do contrato, IVE excluído, axustando o importe a dous decimais. O anterior aplicarase de acordo co establecido no Cadro Resumo”.

Os descontos medios son os seguintes:

Galicia Media S.L.: 51,05%

Glocally Comunicación Integral, S.L.: 50%

Lazentral Media Dealers, S.L.: 44%

As ofertas (descontos medios) presentadas polas tres licitadoras son, en principio, desproporcionadas ou anormais, xa que superan o 25% de baixa.

As comisións ofertadas son as seguintes:

Galicia Media S.L.: 0 %

Glocally Comunicación Integral, S.L.: 0,01 %

Lazentral Media Dealers, S.L.: 0 %

A este respecto, cómpre ter en conta a recente Sentencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (sala cuarta) de 10 de setembro de 2020 que, en síntese, reconece que unha oferta con valor cero non permite ao poder adxudicador celebrar un contrato “oneroso”, agora ben, o anterior non é motivo suficiente para rexeitar automaticamente a oferta. No caso de que se presente unha oferta con valor de cero euros, deberá considerarse como “oferta anormalmente baixa”, “de forma que os poderes adxudicadores esixirán ao licitador que explique o prezo ou os custes que nela se propoñan (...) Deste modo, tales explicacións contribuirían a avaliar a fiabilidade da oferta e permitirían acreditar que, aínda cando o licitador propoña un prezo de cero euros, a oferta en cuestión non afectará ao cumprimento correcto do contrato (apartado 32)”.

A xuízo da Mesa, o mesmo criterio cabe aplicar para unha oferta cercana a cero, polo que a Mesa acorda conceder trámite de audiencia a todas as licitadoras para a xustificación tanto dos descontos como das comisións ofertadas.

Lote 4, ao que concorren dous licitadores:

“En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

(...)

Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

(...) En caso de licitación con prezos unitarios, considerárase o importe resultante de aplicar a oferta expresada en porcentaxe ao importe anual do contrato, IVE excluído, axustando o importe a dous decimais. O anterior aplicarase de acordo co establecido no Cadro Resumo”.

Os descontos medios ofertados polas licitadoras son os seguintes:

Canle de comunicación S.L.: 61,85%

Anónimo Advertising, S.L.: 6,63%

A oferta de Canle de comunicación S.L. é inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta, polo que, en principio, é anormal ou desproporcionada.

As comisións medias ofertadas polas licitadoras son as seguintes:

Canle de comunicación S.L.: 1,67%

Anónimo Advertising, S.L.: 6,17%

A oferta (comisión media) de Canle de comunicación S.L. non é inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta, polo que, en principio, non é anormal ou desproporcionada. Non obstante, en aplicación da sentenza do TJUE antes mencionada, no caso de que se presente unha oferta con valor de cero euros, deberá considerarse como “oferta anormalmente baixa”, “de forma que os poderes adxudicadores esixirán ao licitador que explique o prezo ou os custes que nela se propoñan.

Polo que a Mesa acorda conceder trámite de audiencia á licitadora Canle de comunicación S.L. para a xustificación tanto dos descontos como das comisións ofertadas.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar o seguinte acordo:

Admitir o documento presentado polo Progreso de Lugo S.L. no Lote 1.

Conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 10 días hábiles, aos seguintes licitadores ao encontrarse as súas ofertas en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa:

Lote 1:

El Progreso de Lugo, S.L.

Lote 3:

Galicia Media, S.L.

Glocally Comunicación Integral, S.L.

Lazentral Media Dealers, S.L.

Lote 4:

Canle de comunicación S.L.

No Lote 2, outorgar ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	LA VOZ DE GALICIA S.A.	93 PUNTOS

Requirir á licitadora La Voz de Galicia S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se

refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 20 de outubro do 2020, con CSV: V7GS334D35JTO4SWL4ECA2UF4, na que se recolle o seguinte:

Informouse á Mesa de que as licitadoras presentaron no prazo establecido as xustificacións, que foron trasladadas ao Servizo de Comunicación e TICs, que informou en todos os casos que a información achegada explica satisfactoriamente os descontos ofertados e que, polo tanto, as empresas poden prestar o servizo nas condicións indicadas nos pregos.

Vistos os informes precedentes, non foi excluída ningunha licitadora e procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente, para o que o mesmo Adxunto de Servizo emitiu informe con CSV V7GSWH5HJODRLZMAM4BAMSB4M, que procedeu a explicar á Mesa (Este informe foi obxecto dunha corrección de erros que non afecta ás puntuacións, polo que se reproduce o correxido):

A continuación preséntanse os resultados de aplicar as fórmulas para a valoración das ofertas por criterios automáticos para o expediente EXP029SE20ABO para a Contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo.

A aplicación das fórmulas realízase segundo o indicado no prego de cláusulas administrativas no apartado M do cadro resumo, que foi aclarado durante o proceso de licitación tras dúas preguntas formuladas os días 14 e 15 nas que se indicou que, por unha parte, no caso de ofrecer un 0% tomaríase para o calculo 0,000001% para evitar erros na fórmula, e se aclarou que nas fórmulas se utilizará o resultado de aplicar a porcentaxe ofertada sobre o importe total do lote. Estas respostas baséanse no primeiro caso na normativa, Xurisprudencia e resolucións de tribunais administrativos de recursos contractuais³ nas que se recomenda utilizar non valores 0% senón

³ Sentencia 448/2019, de 4 de julio del Tribunal Superior de Justicia de Madrid o las resoluciones 1044/2018, 552/2018, 440/2018 o 693/2015 del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, la Resolución 263/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid y la Resolución 58/2020 del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad Autónoma de Galicia.

valores 0,000001% e a segunda aclaración en base ao informe do Gabinete de Comunicación no que se aclara que:

“...Cómpre aclarar que a aplicación das fórmulas anteriores farase aplicando a porcentaxe de desconto/comisión sobre o importe estimado do lote, é dicir Oi é o resultado de aplicar o desconto/comisión ofertado polo licitador sobre o importe do lote: $Oi = \text{importe lote} - \text{importe lote} \times \text{Ofertada}$ (onde %Ofertada é a porcentaxe ofertada polo licitador en cada apartado). Do mesmo xeito que tanto Omin e Omax son os mínimos e máximos resultantes de aplicar o desconto/comisión sobre o importe total do lote ofertado por todos os licitadores. ...”

Segundo o anterior obteríamos as seguintes puntuacións como resultado de aplicar as fórmulas dos PCAP:

Lote 1. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial.

Importe Lote	989.000,00 €	EL PROGRESO DE LUGO	
% Desconto de tarifas (MÁX 90 ptos)	Descuento custo media páxina par, en cor. Día laboral(1400€)	Ofertado	26,5
		Oi(*)	726.915,00 €
		Valor	15
		Ofertado	33
	Descuento custo media páxina impar, en cor. Día laboral(1600€)	Oi(*)	662.630,00 €
		Valor	15
		Ofertado	29,5
	Descuento páxina par, en cor. Día laboral(2400€)	Oi(*)	697.245,00 €
		Valor	15
		Ofertado	35,5
	Descuento Custo páxina impar, en cor. Día laboral(2500€)	Oi(*)	637.905,00 €
		Valor	15
Acreditación ISO (máx 1 pto)		Ofertado	20,25
	Descuento módulo (mínimo 30x50), en cor. Día laboral(60€)	Oi(*)	788.727,50 €
		Valor	15
		Ofertado	16,75
	Descuento Banner medio online (mínimo 300px 300px) (150€/día)	Oi(*)	823.342,50 €
		Valor	15
		Ofertado	0
		Valor	0
		Ofertado	5
		Valor	5
		Ofertado	192
		Valor	4
TOTAL			99

Lote 3. Servizos dunha axencia de medios para a difusión de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.

Importe Lote 396.900,00 €

		GALICIA MEDIA S.L.	GLOCALLY COMUNICACION INTEGRAL S.L	LAZENTRAL MEDIA DEALERS, S.L.
	poe			
Desconto tarifas oficiais prensa provincial/autonómica (min 5%)	Ofertado	48,9	35	10
	15 Oi(*)	202.815,90 €	257.985,00 €	357.210,00 €
	Valor	15	11,792	8,517
Desconto tarifas oficiais radio (min 5%)	Ofertado	70,69	80	40
	25 Oi(*)	116.331,39 €	79.380,00 €	238.140,00 €
	Valor	17,059	25	8,333
Desconto tarifas medios especializados (min 5%)	Ofertado	44,51	50	10
	10 Oi(*)	220.239,81 €	198.450,00 €	357.210,00 €
	Valor	9,011	10	5,556
Desconto tarifas televisión (min 5%)	Ofertado	82,78	50	80
	5 Oi(*)	68.346,18 €	198.450,00 €	79.380,00 €
	Valor	5	1,722	4,305
Desconto tarifas axencias de noticias (min 5%)	Ofertado	8,36	35	80
	5 Oi(*)	363.719,16 €	257.985,00 €	79.380,00 €
	Valor	1,091	1,538	5
Comisión elaboración plans de comunicación (max 10% min 0%)	Ofertado	0,000001	0,01	0,000001
	20 Oi(*)	396.900,00 €	396.860,31 €	396.900,00 €
	Valor	20	19,998	20
Comisión medios sen tarifas (max 10% min 0%)	Ofertado	0,000001	0,01	0,000001
	20 Oi(*)	396.900,00 €	396.860,31 €	396.900,00 €
	Valor	20	19,998	20
TOTAL		87,161	90,048	71,711

Lote 4. Servizos dunha axencia de publicidade para a difusión e creación de contidos de diversa natureza das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.

Importe Lote 179.774,00 €

		CANLE DE COMUNICACION S.L.	ANÓNIMO ADVERTISING S.L.
	poe		
Desconto tarifas oficiais prensa provincial/autonómica (min 5%)	Ofertado	48,5	6
	15 Oi(*)	92.583,61 €	168.987,56 €
	Valor	15	8,218
Desconto tarifas oficiais radio (min 5%)	Ofertado	70,69	7,5
	15 Oi(*)	52.691,76 €	166.290,95 €
	Valor	15	4,753
Desconto tarifas medios especializados (min 5%)	Ofertado	44,6	6
	10 Oi(*)	99.594,80 €	168.987,56 €
	Valor	10	5,894
Desconto tarifas televisión (min 5%)	Ofertado	83,62	7
	5 Oi(*)	29.446,98 €	167.189,82 €
	Valor	5	0,881
Comisión creación contidos e imaxe (max 10% min 0%)	Ofertado	5	8
	20 Oi(*)	170.785,30 €	165.392,08 €
	Valor	20	19,368
Comisión elaboración plans de comunicación (max 10% min 0%)	Ofertado	0,000001	6,5
	20 Oi(*)	179.774,00 €	168.088,69 €
	Valor	20	18,7
Comisión medios sen tarifas (max 10% min 0%)	Ofertado	0,000001	4
	15 Oi(*)	179.774,00 €	172.583,04 €
	Valor	15	14,4
TOTAL		100	72,214

Visto canto antecede, a mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Asumir como propio o informe realizado polo Adxunto Xefe de Servizo de Comunicación e TICs sobre a xustificación da oferta económica das licitadoras.

Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial.

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EL PROGRESO DE LUGO S.L.	99,00

Lote 3. Servizos dunha axencia de medios para a difusión de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL S.L.	90,048
2	GALICIA MEDIA S.L.	87,161
3	LAZENTRAL MEDIA DEALERS, S.L.	71,711

Lote 4. Servizos dunha axencia de publicidade para a difusión e creación de contidos de diversa natureza das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CANLE DE COMUNICACIÓN S.L.	100
2	ANÓNIMO ADVERTISING S.L.	72,214

Requirir ás empresas El Progreso de Lugo S.L., Glocally Comunicación Integral S.L. Canle De Comunicación S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a

aquel en que reciba o requirimento, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 9 de novembro de 2020, compróbase a documentación presentada:

Lote 1. El Progreso SL

Requiríuselle a documentación con data 23 de outubro de 2020. Atendeu o requirimento a través do Rexistro telemático da Deputación o 30 de outubro de 2020, por imposibilidade técnica de facelo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, segundo manifesta.

1.- Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación:

Presenta Resolución de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, con número 975 e declaración responsable de que os datos declarados no momento da inscrición non experimentaron variación.

Consultado o certificado de inscrición, consta no mesmo: CIF da empresa, DNI da representante, obxecto social (composición, impresión y edición, por cualquier procedimiento y por cuenta propia o de terceros, de prensa periódica y de toda clase de textos e imágenes, así como la explotación de emisoras de radio).

Consultado certificado de apoderamento no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, consta escritura de apoderamento a nome de Dna. Blanca García Montenegro, con protocolo 31/07-127/97 de data 05/01/2007.

2.- Aporta recibo do IAE do Concello de Lugo, do ano 2019, con epígrafe 844 (servizos de publicidade, relacións públicas e similares) e declaración de non ter causado baixa no referido epígrafe.

3.- Achega certificación de data 23/10/2020, da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

4.- Solicitouse certificación ao Servizo de Recadación, resultando que non ten débedas coa Deputación de Lugo.

5.- Achega certificación de data 26/10/2020, da Tesourería Xeral da Seguridade Social, de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.

6.- Achega declaración de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

7.- Non se requirían habilitacións para o exercicio da actividade.

8.- Depositou aval na Tesourería da Deputación de Lugo (consta carta de pago).

9.1.- Documentos acreditativos da solvencia económica:

Presenta contas do ano 2017 depositadas no Rexistro Mercantil que acreditan un volume anual de negocios superior ao esixido.

9.2.- Documentos acreditativos da solvencia técnica:

Presenta declaración dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos e certificados de empresas. Por exemplo, en 2018 os importes das empresas privadas sumados aos importes da Deputación de Lugo (dos que obra nesta Deputación certificado de boa execución de data 28-03-2019 que se incorpora a este expediente), superan o importe esixido.

9.3.- Non se esixe clasificación.

9.4. e 10.- Presenta declaración designando interlocutor, así como acreditación de que conta con persoal con título de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior.

11.- Presenta póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante de pago.

Lote 2. La Voz de Galicia, S.A.

Requiríuselle a documentación con data 13 de outubro de 2020. Atendeu o requirimento o 15 de outubro a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

1.- Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación:

Presenta certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, con número 80 e declaración responsable de que os datos declarados no momento da inscrición non experimentaron variación.

Consta no mesmo: CIF da empresa, obxecto social (explotar empresas editoriales creadas, adquiridas o arrendadas por la misma Sociedad; hacer por cuenta propia o ajena toda clase de impnresiones o estampaciones y, en general, cualquier trabajo tipográfico o litográfico, etc.).

Consultado certificado de apoderamento no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, consta escritura de apoderamento a nome de D. Luis Miguel Blanco Penas, con protocolo 1992 de data 26/07/2011.

2.- Aporta recibo do IAE do Concello de Lugo, do ano 2019, con epígrafe 4762 (edición de periódicos y revistas) e declaración de non ter causado baixa no referido epígrafe.

3.- Achega certificación de data 14/07/2020, da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

4.- Solicitouse certificación ao Servizo de Recadación, resultando que non ten débedas coa Deputación de Lugo.

5.- Achega certificación de data 08/10/2020, da Tesourería Xeral da Seguridade Social, de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.

6.- Achega declaración de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

7.- Non se requirían habilitacións para o exercicio da actividade.

8.- Depositou aval na Tesourería da Deputación de Lugo (consta carta de pago).

9.3. Acredita a solvencia económica e a solvencia técnica por medio da clasificación servizos, que consta no certificado do rolece: grupo T subgrupo 01 categoría 5 (punto 9.3 do requirimento e cadro resumo do PCAP).

9.4. e 10.- Presenta declaración designando interlocutor, con título de coñecemento do idioma galego Celga 4.

11.- Presenta póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante de pago.

Lote 3 Glocally Comunicación Integral, S.L.

Requiríuselle a documentación con data 23 de outubro de 2020. Atendeu o requirimento o 29 de outubro a través da Plataforma de Contratos do Sector Público. Completou a documentación o 3 de novembro de 2020, en sede electrónica da Deputación (2020RT009043), para presentar as contas do ano 2019 depositadas no Rexistro Mercantil e declaración de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

1.- Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación:

Presenta acordo de inscrición no rolece e declaración responsable de que os datos declarados no momento da inscrición non experimentaron variación.

Presenta copia do NIF, copia do DNI do representante da empresa, que é o administrador único, escritura de constitución, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, na que consta como obxecto social a prestación de servizos de publicidade e marketing, así como escritura de elevación a público de acordos sociais.

2.- Aporta recibo do IAE do Concello de Madrid, do ano 2019, con epígrafe 844 (servizos de publicidade, relacións públicas e similares) e declaración de non ter causado baixa no referido epígrafe (Anexo I).

3.- Achea certificación de data 29/10/2020, da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

4.- Solicitouse certificación ao Servizo de Recadación, resultando que non ten débedas coa Deputación de Lugo.

5.- Achea certificación de data 26/10/2020, da Tesourería Xeral da Seguridade Social, de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.

6.- Achea declaración de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

7.- Non se requirían habilitacións para o exercicio da actividade.

8.- Depositou aval na Tesourería da Deputación de Lugo (consta carta de pago).

9.1.- Documentos acreditativos da solvencia económica:

Presenta contas do ano 2019 depositadas no Rexistro Mercantil que acreditan un volume anual de negocios superior ao esixido.

9.2.- Documentos acreditativos da solvencia técnica:

Presenta declaración dunha empresa de traballos realizados en concepto de campañas de publicidade por importes que superan o esixido.

9.3.- Non se esixe clasificación.

9.4. e 10.- Presenta declaración designando interlocutor, con título de coñecemento do idioma galego Celga 4.

11.- Presenta póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante de pago.

Lote 4 Canle de Comunicación S.L.

Requiríuselle a documentación con data 23 de outubro de 2020. Atendeu o requirimento a través do Rexistro telemático da Deputación o 2 de novembro de 2020, por imposibilidade técnica de facelo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, segundo manifesta. Completou a documentación con data 3 de novembro, aportando declaración responsable de que os datos declarados no momento da inscrición no Rexistro de contratistas non experimentaron variación.

1.- Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación:

Presenta copia do NIF da empresa, copia do DNI do representante,

Presenta Certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, con número 1665.

Consultado o certificado de inscrición, consta no mesmo: CIF da empresa, DNI da representante, obxecto social (explotación, administración, instalación, distribución y gestión de empresas y concesiones de compañías o de empresas de edición de libros, publicaciones, medios de comunicación en sus distintos soportes de prensa, radio, radio y televisión, etc).

Consultado certificado de apoderamento no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, consta escritura de apoderamento a nome de D. Juan Carlos Rodríguez Sánchez, con F. Registro 27/3/2002, de data 26/08/1999.

2.- Consta no Certificado do Rexistro de Contratistas alta nos epígrafes 844 (publicidade, relacións públicas) e 961 (produción de películas cinematográficas, incluso vídeos) no Concello da Coruña, exento de pagamento, xustificado mediante certificado da AEAT.

3.- Achega certificación de data 26/10/2020, da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

4.- Solicitouse certificación ao Servizo de Recadación, resultando que non ten débedas coa Deputación de Lugo.

5.- Consta no Certificado do Rexistro de Contratistas certificado positivo, de cumprimento coas obrigas da Seguridade Social, con data de emisión 20/08/2020 e data de validez 20/02/2021.

6.- Achega declaración de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

7.- Non se requirían habilitacións para o exercicio da actividade.

8.- Depositou aval na Tesourería da Deputación de Lugo (consta carta de pago).

9.3.- Acredita a solvencia económica e a solvencia técnica por medio da clasificación servizos, que consta no certificado do Rexistro de Contratistas da Xunta: grupo T subgrupo 01 categoría 4 (punto 9.3 do requirimento e cadro resumo do PCAP).

9.4. e 10.- Presenta declaración designando interlocutor, así como acreditación de que conta con persoal con título de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou superior.

11.- Presenta póliza de seguro de responsabilidade civil e xustificante de pago.

O Servizo de Comunicación emitiu informe de cumprimento dos requisitos de solvencia técnica.

A mesa de contratación, vista a documentación e o informe emitido, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a contratación por lotes ás seguintes empresas:

A El Progreso de Lugo S.L., a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, lote 1: Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial, con prazo de execución ata o 31 de decembro de 2021, por un importe máximo de 817.355,37 euros, aos que se engadirán 171.644,63 euros (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 989.000 euros.

Condicións da oferta presentada:

Descrición	Límite (ive non engadido)	EL PROGRESO DE LUGO S.L. % de desconto ofertado
Custo media páxina par, en cor. Día laboral	Máximo: 1.400 €	26,50%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral	Máximo: 1.600 €	33,00%
Custo páxina par, en cor. Día laboral	Máximo: 2.400 €	29,50%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral	Máximo: 2.500 €	35,50%
Módulo (mínimo 30x50), en cor. Día laboral.	Máximo: 60 €	20,25%
Banner medio online (mínimo 300px 300px)	Máximo: 150€/día	16,75%

Descrición	ELPROGRESO DE LUGO Oferta
Acreditación ISO 14001 de xestión ambiental ou similar	NON
Publicación de páxinas impares en cor sen custo	Páxinas sen custo: 5 páxinas
Días de publicación de banner en medio online sen custo	Horas: 192 horas

A La Voz de Galicia S.A., a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, Lote 2: Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico, con prazo de execución ata o 31 de decembro de 2021, por un importe máximo de 645.454,54 euros, aos que se engadirán 135.545,46 euros (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 781.000 euros.

Condicións da oferta presentada:

Descrición	Límite (IVE non engadido)	LA VOZ DE GALICIA SA % de desconto ofertado
Custo media páxina par, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 2.500 €	5%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 3.000 €	5%
Custo páxina par, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 3.500 €	5%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 4.200 €	5%
Módulo (mínimo 30x45), en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 120€	50%
Banner medio online (mínimo 300px 300px). Edición Galicia	Máximo: 1.900€ día	5%
Custo media páxina par, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 900 €	5%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.000 €	5%
Custo páxina par, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.300 €	5%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.600 €	5%
Módulo (mínimo 30x45), en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 80€	50%
Banner medio online (mínimo 300px 300px). Edición Provincial	Máximo: 150€ día	5%

Descrición	LA VOZ DE GALICIA SA Oferta
Acreditación ISO 14001 de xestión ambiental ou similar	NON
Publicación de páxinas impares en cor sen custo	Páxinas sen custo: 2
Días de publicación de banner en medio online sen custo	Horas: 48

A Glocally Comunicación Integral S.L., a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, Lote 3: Servizos dunha axencia de medios para a difusión de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo, con prazo de execución ata o 31 de decembro de 2021, por un importe máximo de 328.016,53 euros, aos que se engadirán 68.883,47 euros (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 396.900 euros.

Condicións da oferta presentada:

Descrición	GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL SL % de desconto ofertado
Desconto sobre tarifas oficiais en prensa diaria provincial/autonómica.	35%
Desconto sobre tarifas oficiais en radio.	80%
Desconto sobre tarifas oficiais en medios especializados. Semanarios, revistas, publicacións especializadas, e publicacións non diarias.	50%
Desconto sobre tarifas oficiais en televisións.	50%
Desconto sobre tarifas oficiais en Axencias de Noticias	35%
Comisión da axencia pola elaboración de plans de comunicación concreto por campaña	0,01%
Comisión da axencia por xestión en medios sen tarifas oficiais, non recollidos no plan de medios ou negociados directamente pola Deputación.	0,01%

A Canle de Comunicación S.L., a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, Lote 4. Servizos dunha axencia de publicidade para a difusión e creación de contidos de diversa natureza das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo, con prazo de execución ata o 31 de decembro de 2021, por un importe máximo de 148.573,55 euros, aos que se engadirán 31.200,45 euros (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 179.774 euros.

Condicións da oferta presentada:

Descrición	CANLE DE COMUNICACIÓN SL % de desconto ofertado
Desconto sobre tarifas oficiais en prensa diaria provincial/autonómica.	48,50%
Desconto sobre tarifas oficiais en radio.	70,69%
Desconto sobre tarifas oficiais en medios especializados. Semanarios, revistas, publicacións especializadas, e publicacións non diarias.	44,60%
Desconto sobre tarifas oficiais en televisións.	83,62%
Comisión da axencia pola creación de contidos e imaxe da campaña	5,00%
Comisión da axencia pola elaboración de plans de comunicación concreto por campaña	0,00%
Comisión da axencia por xestión en medios sen tarifas oficiais, non recollidos no plan de medios ou negociados directamente pola Deputación.	0,00%

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación por lotes ás seguintes empresas:

A El Progreso de Lugo S.L., a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, Lote 1: Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial, con prazo de execución ata o 31 de decembro de 2021, por un importe máximo de 817.355,37 euros, aos que se engadirán 171.644,63 euros (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 989.000 euros.

Condicións da oferta presentada:

Descrición	Límite (IVE non engadido)	EL PROGRESO DE LUGO S.L. % de desconto ofertado
Custo media páxina par, en cor. Día laboral	Máximo: 1.400 €	26,50%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral	Máximo: 1.600 €	33,00%
Custo páxina par, en cor. Día laboral	Máximo: 2.400 €	29,50%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral	Máximo: 2.500 €	35,50%
Módulo (mínimo 30x50), en cor. Día laboral.	Máximo: 60 €	20,25%
Banner medio online (mínimo 300px 300px)	Máximo: 150€/día	16,75%

Descrición	ELPROGRESO DE LUGO Oferta
Acreditación ISO 14001 de xestión ambiental ou similar	NON
Publicación de páxinas impares en cor sen custo	Páxinas sen custo: 5 páxinas
Días de publicación de banner en medio online sen custo	Horas: 192 horas

A La Voz de Galicia S.A., a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, Lote 2: Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico, con prazo de execución ata o 31 de decembro de 2021, por un importe máximo de 645.454,54 euros, aos que se engadirán 135.545,46 euros (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 781.000 euros.

Condicións da oferta presentada:

Descrición	Límite (IVE non engadido)	LA VOZ DE GALICIA SA % de desconto ofertado
Custo media páxina par, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 2.500 €	5%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 3.000 €	5%
Custo páxina par, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 3.500 €	5%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 4.200 €	5%
Módulo (mínimo 30x45), en cor. Día laboral. Edición Galicia	Máximo: 120€	50%
Banner medio online (mínimo 300px 300px). Edición Galicia	Máximo: 1.900€ día	5%

Descrición	Límite (IVE non engadido)	LA VOZ DE GALICIA SA % de desconto ofertado
Custo media páxina par, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 900 €	5%
Custo media páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.000 €	5%
Custo páxina par, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.300 €	5%
Custo páxina impar, en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 1.600 €	5%
Módulo (mínimo 30x45), en cor. Día laboral. Edición Provincial	Máximo: 80€	50%
Banner medio online (mínimo 300px 300px).Edición Provincial	Máximo: 150€ día	5%

Descrición	LA VOZ DE GALICIA SA Oferta
Acreditación ISO 14001 de xestión ambiental ou similar	NON
Publicación de páxinas impares en cor sen custo	Páxinas sen custo: 2
Días de publicación de banner en medio online sen custo	Horas: 48

A Glocally Comunicación Integral S.L., a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, Lote 3: Servizos dunha axencia de medios para a difusión de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo, con prazo de execución ata o 31 de decembro de 2021, por un importe máximo de 328.016,53 euros, aos que se engadirán 68.883,47 euros (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 396.900 euros.

Condicións da oferta presentada:

Descrición	GLOCALLY COMUNICACIÓN INTEGRAL SL % de desconto ofertado
Desconto sobre tarifas oficiais en prensa diaria provincial/autonómica.	35%
Desconto sobre tarifas oficiais en radio.	80%
Desconto sobre tarifas oficiais en medios especializados. Semanarios, revistas, publicacións especializadas, e publicacións non diarias.	50%
Desconto sobre tarifas oficiais en televisións.	50%
Desconto sobre tarifas oficiais en Axencias de Noticias	35%
Comisión da axencia pola elaboración de plans de comunicación concreto por campaña	0,01%
Comisión da axencia por xestión en medios sen tarifas oficiais, non recollidos no plan de medios ou negociados directamente pola Deputación.	0,01%

A Canle de Comunicación S.L., a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, Lote 4. Servizos dunha axencia de publicidade para a difusión e creación de contidos de diversa natureza das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo, con prazo de execución ata o 31 de decembro de 2021, por un importe máximo de 148.573,55 euros, aos que se engadirán 31.200,45 euros (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 179.774 euros.

Condicións da oferta presentada:

Descrición	CANLE DE COMUNICACIÓN SL % de desconto ofertado
Desconto sobre tarifas oficiais en prensa diaria provincial/autonómica.	48,50%
Desconto sobre tarifas oficiais en radio.	70,69%
Desconto sobre tarifas oficiais en medios especializados. Semanarios, revistas, publicacións especializadas, e publicacións non diarias.	44,60%
Desconto sobre tarifas oficiais en televisións.	83,62%
Comisión da axencia pola creación de contidos e imaxe da campaña	5,00%
Comisión da axencia pola elaboración de plans de comunicación concreto por campaña	0,00%
Comisión da axencia por xestión en medios sen tarifas oficiais, non recollidos no plan de medios ou negociados directamente pola Deputación.	0,00%

Tendo en conta a data prevista de inicio da subministración, en decembro de 2020, a distribución por anualidades é a seguinte:

LOTES	ORZAMENTO 2020 (IVE engadido)	ORZAMENTO 2021 (IVE engadido)
LOTE 1. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito provincial.	359.000,00	630.000,00
LOTE 2. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico.	301.000,00	480.000,00
LOTE 3. Servizos dunha axencia de medios para a difusión de contidos mixtos das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.	64.400,00	332.500,00
LOTE 4. Servizos dunha axencia de publicidade para a difusión e creación de contidos de diversa natureza das campañas de publicidade e nos medios de comunicación do Plan de Medios da Deputación de Lugo.	39.774,00	140.000,00
	764.174,00	1.582.500,00

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas correspondentes aplicacións.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- A duración do contrato se fixa por anualidades vinculadas á extensión do exercicio orzamentario, do ano 2020 e 2021, resultando posible que se prorrogue durante dous exercicios mais (2022 e 2023) .

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E POSTERIOR INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NA REDE VIARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 03 de novembro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: CSV: IV6766PZ35PC5SXP4RIF53YQKE⁴.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV676EAKAEAFJT5GZYECHKBLP54.

⁴Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67UALMZ5H5JTXD676GE4IPII.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:IV67EDCZJD42VNMSALWTGZRG6Q.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67EDC4D7XTJHG564XFPZ2O4I.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV67EGPPHVWI7KMSQQEU6ZLOD4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV67EHASNBNTTXMSWFGTJZTSMQ.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 28 de agosto do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67FXANHFWSSWB36VHACX2HCU.

Publicación, o día 03 de setembro do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 28 de setembro do 2020, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación

administrativa das empresas presentadas, téndose comprobado con carácter previo que ditas proposicións foran presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada polas empresas:

LICITADORES
GROMA OBRAS S.L.
IDT TIMBER ENGINEERING S.L.
PADINSA SALNES S.L.
TINASTUR. S.C.L.
XARDINOR S.L.

Vista a documentación presentada polos licitadores nos sobres “A”, polo Servizo de Contratación e Fomento, non se apreciou a concorrencia de defectos na mesma. Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 11:06 horas do día 28 de setembro do 2020, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 23 de setembro do 2020.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Apertura e calificación administrativa. Contratación da subministración de marquesiñas na rede viaria provincial.

Apertura criterios avaliados automaticamente. Contratación da subministración de marquesiñas na rede viaria provincial.

Valoración de criterios avaliados automaticamente. Contratación da subministración de marquesiñas na rede viaria provincial.

Mellor valorado. Requirimento de documentación .

En primeiro lugar dáse conta aos membros da mesa de contratación de que segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
GROMA OBRAS S.L.
IDT TIMBER ENGINEERING S.L.
PADINSA SALNES S.L.
TINASTUR. S.C.L.
XARDINOR S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas en tempo e forma, procédese a admitilos a todos e á apertura en acto público, a través da retransmisión en streaming do sobre B, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	MAIOR PRAZO DE GARANTÍA	FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMININA
GROMA OBRAS S.L.	2403,00	60	0	30
IDT TIMBER ENGINEERING S.L.	2437,58	60	120	0
PADINSA SALNES S.L.	2164,69	6	24	20
TINASTUR. S.C.L.	2055,79	6	120	13
XARDINOR S.L.	2214,24	60	66	37,5

Constátase que a empresa Xardinor S.L. non presenta memoria descritiva. Tendo en conta que na cláusula décimo cuarta do PCAP, se recolle que o sobre B “conterá as especificacións relativas aos criterios de valoración deste PCAP conforme ao modelo de proposición que se recolle no pregos. Ademais a empresa deberá presentar unha memoria descritiva da marquesiña a subministrar e do procedemento de instalación, nos termos precisados na cláusula 8 do PPT. A non presentación da memoria descritiva supoñerá a exclusión do procedemento de adxudicación...” a mesa de contratación acorda excluír a oferta presentada por Xardinor S.L.

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas admitidas á contratación de referencia, presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, procédese á aplicación das fórmulas matemáticas contidas no cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, cos seguintes resultados:

LICITADORES	NOTA CRITERIO PREZO	NOTA CRITERIO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	NOTA CRITERIO MAIOR PRAZO DE GARANTÍA	NOTA CRITERIO FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMININA
GROMA OBRAS S.L.	7,99	8,00	0,00	2
IDT TIMBER ENGINEERING S.L.	0,32	8,00	5,00	0
PADINSA SALNES S.L.	60,85	0,80	1,00	1,33
TINASTUR. S.C.L. ASTUR	85,00	0,80	5,00	0,87

Acordase remitir ao Servizo de Cooperación a memoria técnica presentada pola empresa mellor valorada, co obxecto de que se constate o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos nos PPT.

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Excluir a oferta presentada pola empresa Xardinor S.L., por non presentar a memoria descritiva, obrigatoria segundo o recollido no PCAP.

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº de orde	LICITADORES	NOTA TOTAL
1	TINASTUR. S.C.L. ASTUR	91,67
2	PADINSA SALNES S.L.	63,98
3	GROMA OBRAS S.L.	17,99
4	IDT TIMBER ENGINEERING S.L.	13,32

Requirir á empresa Tinastur. S.C.L. Astur para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente de conformidade co artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e coa cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, a seguinte documentación: (...)”

A Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia do día 14 de outubro de 2020, con CSV: IV7GQLQIBJH67XXKQ5VTOUR6H4.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de outubro de 2020.

Acredítase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Tinastur S.C.L. Astur, o día 29 de outubro de 2020.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Presenta certificado de inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas, onde se acredita :

Personalidade, capacidade do empresario e representación.

Solvencia económica: Consta cifra de negocio dos tres últimos exercicios superior ao umbral mínimo esixido no PCAP (247.932,42 €).

O certificado do rolece acompáñase de declaración responsable.

Consta recibo de pagamento do IAE, epígrafes construción completa, repar. y conserv.(501.1) e 501.2 construción completa obras civiles.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 22 de outubro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 22 de outubro de 2020.

Consta declaración responsable do día 22 de outubro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, bastantado pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo.

No tocante á solvencia técnica non achega listado das principais subministracións de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, non obstante acredita mediante certificado de boa execución expedido pola Deputación Provincial de Lugo ter realizado traballos de igual natureza que os que constitúen o obxecto do contrato por importe superior aos umbrais mínimos recollidos no PCAP (115.701,80 €).

Achega documento que contén como interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo(...)"

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Tinastur S. COOP. LTDA Astur., a contratación da subministración e posterior instalación de marquesiñas na rede viaria provincial, por importe, por importe de 199.998,82 euros (IVE incluído). O prezo unitario de cada marquesina ascende a 1.699 euros, aos que se engadirán 356,79 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 2.055,79 euros.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO.

Proposta en relación coa xustificación do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: adquisición máquina retroexcavadora de segunda man. (Anualidade 2017).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Navia de Suarna, coa finalidade común de colaborar na Adquisición máquina retroexcavadora de segunda man, que dispón o seguinte:

“Visto que non consta no Servizo de Contratación e Fomento (Unidade de Obras e Plans) xustificación do convenio interadministrativo asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: Adquisición máquina retroexcavadora de segunda man, emítese o seguinte informe,

Antecedentes

Por acordo da Xunta de Goberno de data 24-11-2017 acordouse a aprobación do convenio interadministrativo a asinar entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna para a execución de fins comúns consistentes en: Adquisición máquina retroexcavadora de segunda man, así como o gasto, que ascende á contía máxima de 30.000,00 euros, con cargo ao orzamento para anualidade de 2017.

O amentado convenio foi asinado o 19 de decembro de 2017.

En data 23 de novembro foi aprobada pola Xunta de Goberno, addenda de modificación do amentado convenio, establecendo a data límite do 15/12/2018 para executar os investimentos e presentar a conta xustificativa, coa documentación establecida na cláusula 3 apartado b do indicado convenio.

O Concello de Navia de Suarna non achegou documentación xustificativa do indicado investimento.

En data 04/06/2020, requiriuse ao Concello de Navia de Suarna, a través de escrito, no que se indicaba a documentación que debería achegar, outorgándolle un prazo de dez días hábiles, coa advertencia que de non cumprir co mesmo se le declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - PAC) e procederase a declaración da perda do dereito ao cobro da mesma.

O Concello de Navia de Suarna non achegou a documentación xustificativa requirida.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 09/10/2020 declarouse decaído ao Concello de Navia de Suarna, no trámite á presentación da conta xustificativa do referido convenio, incoándose expediente de declaración da perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 30.000,00 euros.

En data 19/10/2020 trasladouse ao Concello de Navia de Suarna o acordo da Xunta de Goberno de data 09/10/2020, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles, a fin de presentar a documentación que estimase oportuna.

O Concello de Navia non achegou ningunha documentación.

Fundamentos xurídicos

O Convenio interadministrativo asinado en data 19/12/2017, entre a Deputación de Lugo e o Concello de Navia de Suarna, establece na súa cláusula terceira, relativa ás obrigas e compromisos das partes, os compromisos do Concello de Navia de Suarna, entre os que se establecen “... executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2018”, e na cláusula cuarta, apartado b) Xustificación “ unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previsto e contemplado na cláusula terceira neste convenio e no prazo de 2 meses, o Concello de Navia de Suarna, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados...”.

Así mesmo, estas cláusulas foron modificadas, fixándose en addenda de modificación asinada o 17/12/2018, a seguinte redacción “... executar os investimentos relacionados, obxecto deste convenio, na data límite do 15 de decembro 2018”, e “ unha vez finalice a actuación prevista e contemplada neste convenio, e no prazo máximo do 15 de decembro de 2018, o Concello de Navia de Suarna, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa ...”.

O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”.

O artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemtno Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “. 1. Instruidos los procedimientos, e inmediatamente antes de redactar la propuesta de resolución, se pondrán de manifiesto a los interesados o, en su caso, a sus representantes, para lo que se tendrán en cuenta las limitaciones previstas en su caso en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre. La audiencia a los interesados será anterior a la solicitud del informe

del órgano competente para el asesoramiento jurídico o a la solicitud del Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, en el caso que éstos formaran parte del procedimiento. 2. Los interesados, en un plazo no inferior a diez días ni superior a quince, podrán alegar y presentar los documentos y justificaciones que estimen pertinentes. 3. Si antes del vencimiento del plazo los interesados manifiestan su decisión de no efectuar alegaciones ni aportar nuevos documentos o justificaciones, se tendrá por realizado el trámite. 4. Se podrá prescindir del trámite de audiencia cuando no figuren en el procedimiento ni sean tenidos en cuenta en la resolución otros hechos ni otras alegaciones y pruebas que las aducidas por el interesado. 5. En los procedimientos de responsabilidad patrimonial a los que se refiere el artículo 32.9 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público, será necesario en todo caso dar audiencia al contratista, notificándole cuantas actuaciones se realicen en el procedimiento, al efecto de que se persone en el mismo, exponga lo que a su derecho convenga y proponga cuantos medios de prueba estime necesarios.

O órgano competente para declarar a perda do dereito inda que non se regula no convenio interadministrativo, ao non se prever esta casuística, enténdese competente a Xunta de Goberno, toda vez que foi o órgano que aprobou o devandito convenio.

Conclusión

A vista do anterior, por quen subscribe, infórmase favorablemente:

Declarar a perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 30.000,00 euros, ao Concello de Navia de Suarna, en relación con convenio interadministrativo asinado con esta Deputación, para a execución dos fins comúns consistentes en adquisición máquina retroexcavadora de segunda man.

Declarar a extinción do referido convenio interadministrativo entre o Concello de Navia de Suarna e a Deputación de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en adquisición máquina retroexcavadora de segunda man.

Dar traslado do presente acordo á Intervención aos efectos oportunos.

Notificar ao Concello de Navia de Suarna o acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente requirimento previo ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo de dous meses a contar dende o día da recepción da notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado convenio e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 30.000,00 euros, ao Concello de Navia de Suarna, en relación con convenio interadministrativo asinado con esta Deputación, para a execución dos fins comúns consistentes en Adquisición máquina retroexcavadora de segunda man.

2º.- Declarar a extinción do referido convenio interadministrativo entre o Concello de Navia de Suarna e a Deputación de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en Adquisición máquina retroexcavadora de segunda man.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención aos efectos oportunos.

4º.- Notificar ao Concello de Navia de Suarna o acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente requirimento previo ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo de dous meses a contar dende o día da recepción da notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DE DECAEMENTO.

Proposta en relación coa xustificación do investimento N° 64 denominado rexeneración de vías municipais en San Pedro e Vilapún, incluído honorarios, incluído polo Concello de Cervantes no Plan Único 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao investimento N° 64 denominado rexeneración de vías municipais en San Pedro e Vilapún, incluído honorarios, incluído polo Concello de Cervantes no Plan Único 2018, que dispón o seguinte:

“Visto que non consta no Servizo de Contratación e Fomento (Unidade de Obras e Plans) xustificación do investimento n° 64 denominado rexeneración de vías municipais en San Pedro e Vilapún, incluído honorarios, incluído polo Concello de Cervantes no Plan Único 2018, emítese o seguinte informe,

Antecedentes

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSTIMENTO
CERVANTES	64	REXENERACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS EN SAN PEDRO E VILAPÚN, INCLUÍDO HONORARIOS	--	36.284,97€	36.284,97€

Na base 18 establécese que “...os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Na base 21 establécese a documentación xeral a achegar para a Xustificación da achega provincial e no apartado 2 a que debe ser achegada, a maiores, no caso de investimentos.

De igual xeito establécese que “... Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno.

No caso de que as actuacións non puideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación será proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público”.

Por Resolución da Presidencia de data 02/08/2020 aprobouse aboar ao Concello de Cervantes anticipo do Plan Único 2018, entre o que se atopa o referente ao investimento nº 64, por importe de 18.142,49 euros. Dito aboamento do anticipo foi efectuado o 10/08/2020.

En data 05/08/2020, requiriuse ao Concello de Cervantes, a través de escrito, no que se indicaba a documentación que debería achegar, outorgándolle un prazo de dez días hábiles, coa advertencia que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - PAC) e procederase a declaración da perda do dereito ao cobro da mesma.

O Concello de Cervantes non achegou a documentación xustificativa requirida, se ben achegou en data 11/08/2020 escrito no que, logo dunha descrición das incidencias producidas na

obra, indica “... non é posible dar cumprimento ao requerimento de documentación xustificativa do investimento nº 64 ...”.

Consta nestas dependencias a devolución por parte do Concello do importe achegado como anticipo da obra indicada, (18.142,49€), con fecha valor 02/09/2020.

Non obstante as bases do amentado plan, indican “ ... No caso de que a Deputación tivese aboado o anticipo e o concello non executase ou xustificase a totalidade da cantidade ingresada por este concepto, o concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-*****, practicada a liquidación de xuros de mora correspondentes. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, e a esixencia dos xuros de mora correspondente dende o momento daquel pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro”.

O Concello de Cervantes unicamente devolveu o anticipo, quedando pendente os correspondentes xuros de mora, polo que se remitiu informe a Tesourería desta Deputación, que calculou os xuros de mora, quedando cuantificados do seguinte xeito:

DENDE	ATA	DÍAS	CAP. ACUM.	% XUROS	TOTAL
10/08/2018	31/12/2018	144	18.142,49	3,75	268,41
01/01/2019	31/12/2019	365	18.142,49	3,75	680,34
01/01/2020	02/09/2020	246	18.142,49	3,75	457,28
				TOTAL XUROS	1.406,03€

Resultado o importe de 1.406,03€ de xuros de mora a reintegrar polo Concello de Cervantes.

Fundamentos xurídicos

As bases polas que rexe o Plan único 2018 foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria en data 29/05/2018, figurando incluídas os investimentos obxecto de informe.

O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”.

As bases do Plan Único 2018, indican “...réxense en primeiro lugar por estas bases e resultando da aplicación supletoria a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o seu Regulamento e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e igualmente pola Ordenanza xeral de subvencións de Deputación Provincial”.

O artigo 90 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, dispón que procede, en caso de devolución voluntaria, que a administración calcule os xuros de demora de acordo co previsto no artigo 38 da Lei xeral de subvencións e ata o momento no se produciu a devolución efectiva por parte do beneficiario.

O órgano competente para declarar decaído ao seu dereito, inda que non se regula na aprobación do Plan Único 2018, ao non se prever esta casuística, enténdese competente a Xunta de Goberno, toda vez que o Regulamento orgánico unicamente se refire ao Pleno para a aprobación do Plan Provincial de Obras e Servizos (POS) e demais plans que poida ou deba aprobar a Deputación, como é o Plan único 2018.

Conclusión

A vista do anterior, por quen subscribe, infórmase favorablemente:

Declarar decaído ao Concello de Cervantes, non seu dereito a presentación de xustificación do investimento Nº 64 denominado rexeneración de vías municipais en San Pedro e Vilapún, incluído honorarios, incluído no Plan Único 2018, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC- .

Aceptar a devolución do anticipo, feita polo Concello de Cervantes, en data 02-09-2020, por importe de 18.142,49€.

Aprobar a liquidación dos xuros de demora efectuada pola Tesouraría da Deputación de Lugo, por importe de 1.406,03€, correspondentes, en virtude do artigo 90 do RD 887/96, ao reintegro voluntario de 18.142,49€ efectuado polo Concello de Cervantes, en relación á achega anticipada pola Deputación para o investimento nº 64 e denominado rexeneración de vías municipais en San Pedro e Vilapún, incluído honorarios incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2018, segundo a seguinte táboa:

DENDE	ATA	DÍAS	CAP. ACUM.	% XUROS	TOTAL
10/08/2018	31/12/2018	144	18.142,49	3,75	268,41
01/01/2019	31/12/2019	365	18.142,49	3,75	680,34
01/01/2020	02/09/2020	246	18.142,49	3,75	457,28
				TOTAL XUROS	1.406,03€

Incoar expediente de reclamación dos xuros de mora, cuantificados en 1.406,03€ segundo informe da Tesourería desta Deputación da data 03/11/2020, con CSV: IV7G4CBPF7RTX7MDCR7BLYKQKI.

Notificar ao Concello de Cervantes o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles, de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos no seu caso.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado convenio e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar decaído ao Concello de Cervantes, non seu dereito a presentación de xustificación do investimento Nº 64 denominado rexeneración de vías municipais en San Pedro e Vilapún, incluído honorarios, incluído no Plan Único 2018, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC- .

2º.- Aceptar a devolución do anticipo, feita polo Concello de Cervantes, en data 02-09-2020, por importe de 18.142,49€.

3º.- Aprobar a liquidación dos xuros de demora efectuada pola Tesouraría da Deputación de Lugo, por importe de 1.406,03€, correspondentes, en virtude do artigo 90 do RD 887/96, ao reintegro voluntario de 18.142,49€ efectuado polo Concello de Cervantes, en relación á achega anticipada pola Deputación para o investimento nº 64 e denominado rexeneración de vías municipais en San Pedro e Vilapún, incluído honorarios incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2018, segundo a seguinte táboa:

DENDE	ATA	DÍAS	CAP. ACUM.	% XUROS	TOTAL
10/08/2018	31/12/2018	144	18.142,49	3,75	268,41
01/01/2019	31/12/2019	365	18.142,49	3,75	680,34
01/01/2020	02/09/2020	246	18.142,49	3,75	457,28
				TOTAL XUROS	1.406,03€

4º.- Incoar expediente de reclamación dos xuros de mora, cuantificados en 1.406,03€ segundo informe da Tesouraría desta Deputación da data 03/11/2020, con CSV: IV7G4CBPF7RTX7MDCR7BLYKQKI.

5º.- Notificar ao Concello de Cervantes o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles, de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos no seu caso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Modificación segunda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá para a execución de fins comúns consistentes en: campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá que dispón o seguinte:

“PRIMEIRO.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 24/05/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá.

O convenio foi obxecto de modificación, aprobada pola Xunta de Goberno en data 20/05/2020, e asinándose addenda en data 04/06/2020.

SEGUNDO.- No convenio interadministrativo asinado entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ás obrigas do Concello de Lourenzá:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos e actividades:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
CAMPO DE FÚTBOL DE ENTRENAMENTO EN LOURENZÁ	254.500,00€ (Anualidade 2019: 75.000,00€ Anualidade 2020: 179.500,00€)	--
TOTAL	254.500,00€	

E na cláusula terceira, relativa as obrigas das partes, no caso da Deputación:

“En caso de producirse baixas na licitación, previa solicitude do Concello, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento que deberá ser coa mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas, ou reducir o financiamento comprometido pola Deputación Provincial”.

TERCEIRO.- Dona Rocío López García, Alcaldesa do Concello de Lourenzá achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 01/04/2020, a través do que manifesta “..que se produciu unha baixa na licitación por importe de 53.624,27 € (...) polo que solicita que a baixa sexa investida na execución da obra obras de mellora, acceso e cerramento do campo de fútbol de Lourenzá, con un orzamento de 43.329,29€.”

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias,

(...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...).

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Lourenzá é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable,

saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Lourenzá, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O concello de Lourenzá será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os

obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unanimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a baixa acadada na licitación da obra, por importe de 53.624,27€ se destine a financiar o investimento obras de mellora, acceso e cerramento do campo de fútbol de Lourenzá, cun orzamento de 43.329,29€.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Conclusión

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte Resolución:

Aprobar a modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá de tal xeito que a baixa acadada na licitación da obra, por importe de 53.624,27€ se destine a financiar o investimento obras de mellora, acceso e cerramento do campo de fútbol de Lourenzá, cun orzamento de 43.329,29€.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Convenio da subvención excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Creando empresa, proxecto de integración da muller ó mercado de traballo” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Muller e Igualdade, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ó convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Entidade Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto consistente en “creando empresa, proxecto de integración da muller ó mercado de traballo”, polo importe de 38.824,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020-2022, aprobado por resolución de Presidencia de data 2 de abril de 2020, nas actuacións específicas c) da liña 7.1 “Promoción da igualdade” xestionada dende a sección Benestar Social e Igualdade, da Área de Muller e Igualdade, desta Administración Local, xa que na mesma se recolle como obxectivos promover e fomentar a igualdade, coa finalidade de avanzar na igualdade real entre mulleres e homes e lograr unha sociedade máis igualitaria en todos os ámbitos, favorecendo a autonomía persoal e a superación das desigualdades por razón de sexo e xénero en todos os ámbitos da sociedade, eliminando as discriminacións persistentes, a través desta actividade encamiñada a superación de roles e estereotipos en función do sexo baseados nunha concepción patriarcal das relacións de xénero, e que axudan a perpetuar certas desigualdades en función do xénero, restrinxindo a participación das mulleres en determinados ámbitos da vida política, social e económica. Isto é a posta en valor das mulleres no mundo empresarial tradicionalmente masculinizado e con altos niveis de patriarcado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa excepcional, por importe de 38.824,00 € a favor da Entidade Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, para sufragar gastos derivados da actuación “creando empresa, proxecto de integración da muller ó mercado de traballo” no ano 2020 , subvención incluída nas subvencións directas excepcionais Liña 7.1.c que leva por título “Promoción da igualdade”.

2º.- Aprobado o gasto de 38.824,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2311.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asoc. Unión de Traballadores Autónomos do Transporte, o Mar e as Comunicaciones de Galicia, para

sufragar gastos derivados da actuación “creando empresa , proxecto de integración da muller ó mercado de traballo” no ano 2020.

3º.- Aprobado o convenio canalizador da subvención directa excepcional que nos ocupa e que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación, mantemento e xestión de equipamentos dirixidos á mocidade”, nos respectivos termos municipais.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural, do seguinte teor:

“Os Concellos de Ribadeo solicitaron, os días 27 e 28 de outubro de 2020, mediante escritos presentados no Rexistro telemático desta entidade, a formalización de convenio interadministrativos de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, de actividades, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación, mantemento e xestión de equipamentos dirixidos á mocidade”, nos respectivos termos municipais.

No expediente relativo ás ditas solicitudes constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 10 de novembro de 2020, do seguinte tenor:

“Antecedentes

A Deputación Provincial de Lugo é unha entidade local de carácter territorial que: presta servizos directos aos cidadáns; coordina os servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada dos mesmos; presta asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia de Lugo; e presta, así mesmo, servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcas.

Pero, ademais, ten a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Dona Mayra García Bermúdez, don Fernando Suárez Barcia, e dona Ana Belén Ermida Igrexas, en nome e representación dos Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros, respectivamente, presentaron no Rexistro telemático desta entidade, os días 27 e 28 de outubro de 2020 escritos mediante os cales solicitan a formalización de relacións interadministrativas de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación, mantemento e xestión de equipamentos dirixidos á mocidade”, nos respectivos termos municipais.

A estes antecedentes sonlles de aplicación as seguintes consideracións legais e técnicas:

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

1. As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

8. Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

O custo de execución das actuacións que constitúen o obxecto da dita relación de cooperación ascende, en total, a 94.943,70 €; mais a Deputación de Lugo ten dispoñibilidade orzamentaria para este proxecto por importe de 90.776,26 €, que se compromete a achegar para a financiación de aquelas.

Polo tanto, os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros deberán asumir o importe de 4.167,44 € na mesma proporción que o importe das actuacións a realizar en cada un dos seus termos municipais ten con respecto ao custo total do proxecto.

Así o custo das actuacións a realizar no Municipio de Trabada, que ascende a 20.500 €, supón un 21,59 % do custo total do proxecto. No caso de Ribadeo, o custo das actuacións a realizar no seu Municipio ascende a 51.389,80 €, o que supón un 54,13 % do custo total das actuacións. Finalmente, as actuacións a realizar no Municipio de Barreiros supoñen un custo de 23.053,90 €, que representan un 24,28 % do total do proxecto.

Aplicando as ditas porcentaxes ao importe do custo das actuacións que a Deputación non pode enfrontar, isto é, 4.167,44 €, resulta que ao Concello de Trabada correspóndelle unha achega de 899,75 €. Pola súa banda, o Concello de Ribadeo deberá achegar 2.255,84 €. E o Concello de Barreiros deberá facer fronte a unha achega de 1.011,85 €.

En consecuencia, os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros comprométense a:

O Concello de Trabada

Poñer a disposición os terreos necesarios para a realización das actuacións obxecto deste Convenio.

Achegar os permisos e autorizacións que sexan preceptivas, de ser o caso, para a execución das obras, incluíndo o seu aseguramento.

Achegar, para a execución do convenio, a cantidade de 899,75 €, que serán aboados unha vez que a Deputación Provincial lle comunique a finalización das actuacións. Así mesmo, achegará o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa correcta execución.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

O Concello de Ribadeo

Poñer a disposición os terreos necesarios para a realización das actuacións obxecto deste Convenio.

Achegar os permisos e autorizacións que sexan preceptivas, de ser o caso, para a execución das obras, incluíndo o seu aseguramento.

Achegar, para a execución do convenio, a cantidade de 2.255,84 €, que serán aboados unha vez que a Deputación Provincial lle comunique a finalización das actuacións. Así mesmo, achegará o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa correcta execución.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

O Concello de Barreiros

Poñer a disposición os terreos necesarios para a realización das actuacións obxecto deste Convenio.

Achegar os permisos e autorizacións que sexan preceptivas, de ser o caso, para a execución das obras, incluíndo o seu aseguramento.

Achegar, para a execución do convenio, a cantidade de 1.011,85 €, que serán aboados unha vez que a Deputación Provincial lle comunique a finalización das actuacións. Así mesmo, achegará o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa correcta execución.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...)

b) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. (...).

(...).

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

En parecido senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a cooperación na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, e a asistencia e cooperación económica aos Municipios, contribúen, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social da Provincia.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Pola súa banda, o Municipios de Trabada, Ribadeo e Barreiros, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

(...).

Polo tanto, sendo competencias propias dos ditos Municipios: a creación, mantemento e xestión dos equipamentos dirixidos a mocidade, queda lexitimada a competencia daqueles na execución do amentado proxecto.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

(...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno:

(...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

(...).

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que o órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe

sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 90.776,26 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación, mantemento e xestión de equipamentos dirixidos á mocidade”, nos respectivos termos municipais, por importe total de 94.943,70 €, dos que: 90.776,26 € serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo; 899,75 € serán a cargo do Concello de Trabada; 2.255,84 € serán a cargo do Concello de Ribadeo; e 1.011,85 € serán a cargo do Concello de Barreiros.

O gasto, por importe de 90.776,26 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 12 de novembro de 2020, relativo á tramitación do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 13 de novembro de 2020.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos de Trabada, Ribadeo e Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Creación, mantemento e xestión de equipamentos dirixidos á mocidade”, nos respectivos termos municipais, por importe total de 94.943,70 €, dos que: 90.776,26 € serán a cargo da Deputación Provincial de Lugo; 899,75 € serán a cargo do Concello de Trabada; 2.255,84 € serán a cargo do Concello de Ribadeo; e 1.011,85 € serán a cargo do Concello de Barreiros.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 90.776,26 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.65009 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Convenios de colaboración entre a Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI) e a Excm. Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento conxunto de proxectos formativos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A crise sanitaria provocada pola Covid-19 modifica o escenario económico mundial, enfrontándonos a unha crise sen precedentes. As previsións son incertas en tanto non se acade unha vacina ou un remedio eficaz. Isto agravará desequilibrios xa existentes na economía: alto desemprego, con especial incidencia na xente nova, precariedade laboral que provoca importantes desigualdades sociais, baixo nivel de investimentos en formación e innovación, baixa produtividade dos factores produtivos e Pemes pouco adaptadas ás novas tecnoloxías.

A Deputación Provincial de Lugo como entidade coñecedora dos territorios da provincia promove a articulación de políticas e servizos que potencien e permitan o desenvolvemento

económico da nosa provincia, traballa para lograr que a mellora da actividade comercial e industrial da provincia sexa unha realidade, facendo un labor conxunto co tecido empresarial e asociativo dos municipios para lograr a promoción económica e financeira dos pobos da provincia.

Desde a Deputación se pretende impulsar a realización de actividades formativas que contribúan na loita contra a destrución de emprego e que permitan unha mellora nas condicións de vida dos cidadáns, logrando o desenvolvemento da sociedade e permitindo dinamizar a creación directa ou indirecta do maior número de postos de traballo a través da execución de proxectos cos que se fomenta a formación dos desempregados e Pemes da provincia de Lugo.

A Deputación de Lugo, no marco das competencias que lle outorgan os artigos 31 e 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, ten encomendada “A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

A política pública de calquera administración debe ter como obxectivo desexable e necesario en termos constitucionais a orientación cara a promoción do pleno emprego, compromiso adquirido no pacto constituínte e que vincula a actuación positiva de todos os poderes públicos. Así mesmo, a propia constitución establece a cláusula de igualdade material no seu artigo 9.2, exhortando a promover as condicións para que a liberdade e igualdade dos individuos e os grupos en que se insiren sexan reais e efectivas; a remexer os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, social económica e cultural. De aí que o fomento do emprego sexa medial ao valor igualdade e liberdade, por supoñer unha innegable mellora material das condicións de vida, da que pende materialmente a realización doutros valores e dereitos constitucionais.

A Escola de Organización Industrial (EOI) é unha fundación do sector público estatal dependente do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e dixital.

Segundo manifesta a EOI en escrito remitido con data 9/10/2020 con motivo do peche do Programa Operativo FEDER de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas Fondo Tecnolóxico 2007-2013 a Autoridade de Xestión do programa operativo, e xa aceptada a documentación de peche por parte da Comisión Europea, recibido o pago do saldo do Programa Operativo, en aplicación das Directrices de Peche aprobadas pola Comisión, e tendo en conta a execución presentada por Fundación EOI como Organismo Intermedio, comunicou á Fundación EOI que finalmente a axuda total recibida ao peche do Programa Operativo representa unha porcentaxe superior á taxa de cofinanciamento aplicada en cada Eixo. Para as rexións de Convergencia, Phasing-Out e Phasing-In, a axuda resultante supera o gasto público declarado neses Eixos, polo que a axuda FEDER que corresponde aos mesmos ao peche e que abonou a Comisión supón o 100% do gasto público declarado.

A Fundación EOI e a Deputación de Lugo con data, 23 de maio de 2013, asinaron un convenio onde se definían actuacións no ámbito do Programa Operativo FEDER de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas.

CONVENIO	DENOMINACIÓN	IMPORTE COFINANCIADO	IMPORTE DEVOLUCION
SLDUØD100	1/11-GALICIA/Dinamización del Tejido Productivo y el f	579.839,39	579.839,39

As actuacións do convenio foron realizadas e debidamente xustificadas segundo o importe de cofinanciamento detallado no mesmo que ascendía a un total de 579.839,39€, tal e como se detalla no informe da Sección de Innovación e Participación Cidadá que obra no expediente e que se acompaña á presente memoria xustificativa.

Por tanto, unha vez que a EOI recibe por parte da Comisión o importe cofinanciado esta propón á Deputación de Lugo a sinatura dos convenios relacionados en cadro xunto aos que adicarán o importe recibido pola Comisión

Tipoloxía	Importe	DPL	Cofinanciamento	Número de edicións	Empresas/alumnos
Dixitalización PYMES/ Autónomos	1.700.000,00 €	20%	340.000,00 €	31	776
Formación a desempregados larga duración	371.820,00 €	20%	74.364,00 €	11	264
Formación a desempregados xoves (prácticas)	2.040.387,05 €	8,11%	165.475,39 €	32	640
TOTAL	4.112.207,05 €		579.839,39 €	74	1680

EOI desenvolve o Programa Operativo de Intervención Comunitaria do Fondo Social Europeo Xuvenil CCI 2014ES05SFOP002, no marco do obxectivo de investimento en crecemento e emprego destinados a España, aprobado por decisión da Comisión Europea de 17 de decembro de 2015 e modificado pola Decisión de execución da Comisión de data 14 de decembro de 2018.

Ambas entidades están interesadas en colaborar para o desenvolvemento conxunto de programas formativos que contan co citado financiamento do Fondo Social Europeo, cuxos obxectivos están enfocados á formación orientada á mellora da competitividade das empresas, especialmente en materia de innovación, mellora e desenvolvemento de novos produtos e servizos.

A través deste proxecto preténdese mellorar o tecido produtivo mediante a súa diversificación e modernización organizativa e tecnolóxica, impulsando a sociedade do coñecemento e dando valor á cualificación dos recursos humanos.

A duración total de cada curso estímase en 635 horas que se estima dividir en 60 horas de clase e 23 horas de tutoría por persoa (cunha estimación de 25 alumnos).

A duración da formación de cada unha das actuacións estímase en 241 horas grupais e 6 horas individuais por alumno; sendo a duración total estimada de cada unha das actuacións formativas de 385 horas (para unha estimación de 24 alumnos por edición).

Estímase realizar 31 accións formativas en 2020, 2021 e 2022, cunha media de 25 persoas por programa, polo que beneficiarán a 775 persoas (50% mulleres e 50% homes).

EOI desenvolve o Programa Operativo de Intervención Comunitaria do Fondo Social Europeo Xuvenil CCI 2014ES05SFOP002, no marco do obxectivo de investimento en crecemento e emprego destinados a España, aprobado por decisión da Comisión Europea de 17 de decembro de 2015 e modificado pola Decisión de execución da Comisión de data 14 de decembro de 2018.

Ambas entidades están interesadas en colaborar para o desenvolvemento conxunto dos seguintes programas formativos que contan co citado financiamento do Fondo Social Europeo, cuxos obxectivos están enfocados á formación en dixitalización e novas profesións das persoas

desempregadas de longa duración mediante programas formativos presenciais e/ou online que se desenvolverán mediante formación grupal e/ou individual na Deputación de Lugo.

As accións formativas están dirixidas a desempregados de longa duración preferentemente da provincia de Lugo.

A priori, estímase que cada actividade formativa terá unha duración aproximada de 2 meses e que se poderán beneficiar 24 persoas en cada edición.

As actuacións dirixiranse preferentemente a persoas que se atopen nunha situación de desemprego de longa duración na provincia de Lugo. A formación específica orientarase ao sector de atención sociosanitaria a persoas dependentes, a renovación xeracional no sector vitivinícola, a loxística, xestión de almacén e outros sectores e temáticas con potencial de emprego para persoas desempregados de longa duración.

O proxecto formativo consistirá no desenvolvemento de programas de adquisición e/ou actualización de competencias profesionais: Nestes programas impartirase formación técnica en dixitalización e novas profesións en áreas de demanda do mercado laboral. Acompañarase de módulos de mellora da empregabilidade e acceso ao mercado laboral.

A duración da formación de cada unha das actuacións estímase en 241 horas grupais e 6 horas individuais por alumno; sendo a duración total estimada de cada unha das actuacións formativas de 385 horas (para unha estimación de 24 alumnos por edición).

Estímase realizar 11 accións formativas cun total de beneficiarios de 264 persoas (50% mulleres 50% homes).

EOI desenvolve o Programa Operativo de Intervención Comunitaria do Fondo Social Europeo Xuvenil CCI2014ES05M9OP001 no marco do obxectivo de investimento en crecemento e emprego destinados a España, aprobado por decisión da Comisión Europea de 12 de decembro de 2014 e modificado pola Decisión de execución da Comisión de data 4 de decembro de 2018.

Ambas entidades están interesadas en colaborar para o desenvolvemento conxunto dos seguintes programas formativos que contan co citado financiamento do Fondo Social Europeo:

Proxecto Milleniais, para o fomento do traballo por conta allea entre os xoves destinado a:

Activación das persoas xoves non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación, que permita a súa incorporación ao mercado laboral.

Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas xoves non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación.

As accións formativas están dirixidas ás persoas xoves maiores de 16 anos e menores de 30 anos que estean debidamente rexistradas no Sistema de Garantía Xuvenil e cumpran cos requisitos establecidos no artigo 97 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Os destinatarios das Prácticas non laborables en empresas serán aquelas empresas que demanden postos de traballo, destinados principalmente aos perfís de mozos que recibiron as accións formativas anteriores.

O proxecto Milleniais para o Fomento do traballo por conta allea contempla o seguinte itinerario:

Desenvolver Programas de adaptación e fomento do emprego: Nestes Programas impartirase formación en habilidades, así como formación específica en áreas de demanda do mercado laboral.

Concederanse axudas para prácticas non laborables ás empresas que queiran fomentar a contratación creando novas oportunidades de emprego para os mozos nun período de polo menos 3 meses.

Estímanse realizar 32 accións formativas, 3 delas en 2020, 20 en 2021 e 9 en 2022, que beneficiarán a 640 persoas.

Estímanse conceder 387 axudas para Prácticas non laborables, 232 delas en 2021 e 155 en 2022, para a incorporación dos mozos a un posto de traballo, cunha estimación de 50% para homes e 50% para mulleres.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, este Área propón á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar os textos dos tres convenios de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación EOI para para o desenvolvemento conxunto dos programas formativos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo:

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de proxectos formativos dirixidos á transformación dixital e mellora da competitividade das Pemes.

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de programas formativos dirixidos a parados de longa duración.

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento do proxecto Millenials, para o fomento do traballo por conta allea de xoves.

2º.- Aceptar a proposta realizada pola EOI e, polo tanto, a adicación do importe devolto á EIO pola Comisión Europea á financiación dos devanditos convenios segundo cadro xunto:

Tipoloxía	Importe	DPL	Cofinanciamento	Número de edicións	Empresas/alumnos
Dixitalización PYMES/ Autónomos	1.700.000,00 €	20%	340.000,00 €	31	776
Formación a desempregados larga duración	371.820,00 €	20%	74.364,00 €	11	264
Formación a desempregados xoves (prácticas)	2.040.387,05 €	8,11%	165.475,39 €	32	640
TOTAL	4.112.207,05 €		579.839,39 €	74	1680

3º.- Aprobar o gasto en concepto de achegas económicas da Deputación de Lugo segundo o seguinte desglose:

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de proxectos formativos dirixidos á transformación dixital e mellora da competitividade das Pemes. A Deputación de Lugo realizará unha achega económica total para o programa formativo por importe de trescentos corenta mil euros (340.000,00€), que se realizará con cargo aos fondos que proveñen do peche do Programa Operativo FEDER 2007/2013 de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas, que con motivo do peche do mesmo foi reintegrado pola Comisión Europea, en particular do proxecto F.71.003 - FEDER -1/11-GALICIA/Dinamización do Tecido produtivo e o F” que ten un saldo positivo para a Deputación de Lugo de 579.839,39 euros (o saldo pendente).

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento de programas formativos dirixidos a parados de longa duración. A Deputación de Lugo realizará unha achega económica total para o programa formativo por importe de setenta e catro mil trescentos sesenta e catro euros (74.364,00 €), que se realizará con cargo aos fondos que proveñen do peche do Programa Operativo FEDER 2007/2013 de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas, que con motivo do peche do mesmo foi reintegrado pola Comisión Europea, en particular do proxecto F.71.003 - FEDER -1/11-GALICIA/Dinamización do Tecido produtivo e o F” que ten un saldo positivo para a Deputación de Lugo de 579.839,39 euros (o saldo pendente).

Convenio entre a Escola de Organización Industrial e a Deputación de Lugo para o desenvolvemento do proxecto Millenials, para o fomento do traballo por conta allea de xoves. A Deputación de Lugo realizará unha achega económica total para o programa formativo por importe de cento sesenta e cinco mil catrocentos setenta e cinco euros con trinta e nove céntimos (165.475,39€), que se realizará con cargo aos fondos que proveñen do peche do Programa Operativo FEDER 2007/2013 de Investigación, Desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das Empresas, que con motivo do peche do mesmo foi reintegrado pola Comisión Europea, en particular do proxecto “F.71.003 - FEDER -1/11-GALICIA/Dinamización do Tecido

productivo e o F” que ten un saldo positivo para a Deputación de Lugo de 579.839,39 euros (o saldo pendente).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 11/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Antecedentes

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041071891	30/06/2020	24/09/2020	2020/3098	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xuño do 2020, de 181.940 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías. 2020/FAC_01/002511	57.238,32 €
TOTAL						57.238,32 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro de Facturas.

Dilixencia do Parque Móbil, de data 28/09/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e o prezo, e na que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 20/10/2020, polo representante de Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 02/10/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 16/10/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia, de data 03/11/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 29/10/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura que seguidamente se relaciona:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041071891	30/06/2020	57.238,32 €	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xuño do 2020, de 181.940 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías. 2020/FAC_01/002511	9201.210	92020/6049
SUMA			57.238,32 €			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo de Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 57.238,32 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector

Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal

ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 23 de outubro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A.	0041071891	30/06/20	57.238,32	9201.210
SUMA			57.238,32	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 23 de outubro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Dado que rematou o contrato ca empresa Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A. para subministro de emulsión asfáltica para o Parque Móbil o pasado 5 de febreiro, estando xa en trámite un novo contrato, ademais da necesidade urxente do subministro para a reparación das vías, e que no caso de non realizarse o dito subministro, os equipos de rego deste Parque Móbil se verían obrigados a parar, con todo o que elo conleva, procede a validación da factura.

O período do aludido subministro foi xuño de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 57.238,32 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

12FV-11614	30/05/2020	10/06/2020	2020RPE006855	Subministración no mes de Mayo do ano 2020, de medicamentos veterinarios para a Granxa Gayoso Castro. GTM: 2020/FAC_01/001209	353,32€
TOTAL					804,13€

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Fulgencio Casás Lombao.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 04/11/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Antecedentes

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
R/0000021 GTM 20/FAC01/993	31/01/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	876,59€ 788,04+88,55(IVE deducible)	4120.221999	92020/3456
R/0000096 GTM 20/FAC01/994	29/02/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	1.692,60€ 1.538,73+153,87 (IVE deducible)	4120.22199	92020/3277
R/0000261 GTM 20/FAC01/997	30/04/2020	Subministración de material para reparación das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	179,19€ 148,09+31,10(IVE deducible)	4120.22111	92020/3298
TOTAL			2.748,38		

Visto que consta:

As propias facturas relacionadas no punto anterior con dilixencias da Dirección da Granxa Gayoso Castro de datas 29/05/2020, 29/05/2020 e 07/08/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformadas polo Deputado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 15/07/2020, por Fulgencio Casás Lombao, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias Xustificativas do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, para cada unha das facturas, de datas 29/05/2020 e 06/06/2020, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Informe deste Servizo, de data 07/09/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de

contratación.

Resolución da Presidencia de data 02/11/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coas facturas anteriormente relacionadas.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2 c) do TRLRFL, de data 27/10/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Fulgencio Casás Lombao que seguidamente se relacionan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
R/0000021 GTM 20/FAC01/993	31/01/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	876,59€ 788,04+88,55(IVE deducible)	4120.221999	92020/3456
R/0000096 GTM 20/FAC01/994	29/02/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	1.692,60€ 1.538,73+153,87 (IVE deducible)	4120.22199	92020/3277
R/0000261 GTM 20/FAC01/997	30/04/2020	Subministración de material para reparación das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	179,19€ 148,09+31,10(IVE deducible)	4120.22111	92020/3298
TOTAL			2.748,38		

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D.128/2018,

do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 2.748,38 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia

no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo:

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 14 de setembro de 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas emitida por Fulgencio Casás Lombao, con números de factura, datas das mesmas e importes que se reflexan no cadro que se inclúe debaixo e un importe total de 2.748,38 €, correspondentes a servizo de subministro de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da granxa :

EMPRESA	Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
Fulgencio Casás Lombao	R/0000021 GTM 2020/FAC-01/000993	31/01/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso Castro	4120.22199	92020/3456	788,04+IVE DEDUCIBLE 88,55 TOTAL 876,59€
Fulgencio Casás Lombao	R/0000096 GTM 2020/FAC-01/000994	29/02/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso Castro	4120.22199	92020/3277	1.537,73+IVE DEDUCIBLE 153,87 TOTAL 1.692,60€
Fulgencio Casás Lombao	R/0000261 GTM 2020/FAC-01/000997	30/04/2020	Subministración de material de reparación das instalacións de Granja Gayoso Castro	4120.22111	92020/3298	148,09+IVE DEDUCIBLE 31,10 TOTAL 179,19
TOTAL						2.748,38€

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 14 de setembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Para cumprir as normas de benestar animal é necesario preparar as camas onde se deitan, polo que é necesario a adquisición de pacas de palla e tamén o mantemento das instalacións en perfecto estado, polo que tamén é necesaria a adquisición de diverso material que relaciona na factura.

O período de realización dos aludidos servizos foi o seguinte:

NÚMERO FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO: PERÍODO
R/0000021 GTM 2020/FAC-01/000993	876,59€	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso. Xaneiro de 2020
R/0000096 GTM 2020/FAC-01/000994	1.692,60€	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións de Granja Gayoso. Febreiro de 2020
R/0000261 GTM 2020/FAC-01/000997	179,19€	Subministración de material para reparación das instalacións de Granja Gayoso Castro. Marzo de 2020

A cantidade a aboar á empresa ascende a 2.748,38 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación dos servizos, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministros, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN
R/0000021 GTM 20/FAC01/993	31/01/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	876,59€ 788,04+88,55(IVE deducible)	4120.221999
R/0000096 GTM 20/FAC01/994	29/02/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	1.692,60€ 1.538,73+153,87 (IVE deducible)	4120.22199
R/0000261 GTM 20/FAC01/997	30/04/2020	Subministración de material para reparación das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	179,19€ 148,09+31,10(IVE deducible)	4120.22111
TOTAL			2.748,38	

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministros, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Fulgencio Casás Lombao, por un importe total de 2.748,38€.

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN
R/0000021 GTM 20/FAC01/993	31/01/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	876,59€ 788,04+88,55(IVE deducible)	4120.221999
R/0000096 GTM 20/FAC01/994	29/02/2020	Subministración de alimentación complementaria e mantemento das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	1.692,60€ 1.538,73+153,87 (IVE deducible)	4120.22199
R/0000261 GTM 20/FAC01/997	30/04/2020	Subministración de material para reparación das instalacións da Granxa Gayoso Castro.	179,19€ 148,09+31,10(IVE deducible)	4120.22111
TOTAL			2.748,38	

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-1408 “Fonquente (LU-1401)- Noceda” PK 2+000 ao 2+947. CERVANTES.

Contratista: GRUPO BASCUAS 2008, S.L.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE USOS DOS HORTOS URBANOS DO RÍO RATO E HORTOS URBANOS DE PARADAI.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do procedemento para o outorgamento das autorizacións de uso das hortas urbanas do río Rato asinada o 30 de setembro de 2020 baixo o CSV IV7GW6T6HFW2LHP4S4XEGQHDKU polo Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente.

Tendo en conta a consecución dos obxectivos e finalidades deste procedemento que baixo o CSV IV7GWDS4Z4ZSTKEC6QFBLXYXVAA do 1 de outubro de 2020 sinala o Servizo de Medio Ambiente e no que formula o establecemento de adxudicación das hortas dividido en dúas fases a teor do disposto no Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº156 do 9 de xullo de 2020, Primeira fase, a teor da Disposición Transitoria mediante un procedemento de adxudicación directa e segunda fase, a teor do artigo 19, mediante un procedemento en réxime de concorrência.

Tendo en conta que coa aprobación do Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo que foi publicado no BOP nº 156 do 9 de xullo de 2020 a Deputación Provincial, e concretamente como cometido do Servizo de Medio Ambiente, articúlase o instrumento regulador para a xestión da utilización e uso do dominio público provincial seguinte:

Baixo a denominación de hortos urbanos do río Rato referimos as parcelas de titularidade provincial que están inscritas baixo o epígrafe un, folio oitenta e nove do Libro Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación Provincial de Lugo, pertencentes ao Concello de Lugo e cualificadas xuridicamente como bens de dominio público que se identifican segundo as seguintes referencias catastrais:

Lugar: Concello de Lugo	Referencia catastral
Parque do río Rato	27900A531000340000WE
Parque do río Rato	27900A531000330000WJ
Parque do río Rato	27900A531000350000WS

Así consta no Certificado do Libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación expedido o 22 de xaneiro de 2020 baixo o CSV IV6RGIB5PN4CL2RD6IQXMRJGL4.

Baixo a denominación de hortos urbanos de Paradai localizamos a parcela identificada coa seguinte referencia catastral:

Lugar: Concello de Lugo	Referencia catastral
Parque de Paradai	27900A085000730000EE

Non obstante, esta parcela do Parque de Paradai non está incluída no Inventario Provincial que está pendente de que se realice a regularización xurídica pertinente.

Así consta no informe emitido pola Sección de Inventario o 23 de setembro de 2020 baixo o CSV IV7GVTHLFLVIZDHTWRIF4D7HMU.

Tendo en conta o informe asinado o 2 de outubro de 2020 pola Secretaria Xeral Adxunta baixo o CSV IV7GWLDYMHZCV7BM4N6GM7YG54 estima adecuado á lexislación vixente para a súa proposta ante a Xunta de Goberno o procedemento de outorgamento de autorización por adxudicación directa no marco do contido da Disposición Transitoria do Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo e dos seus pregos reitores formulados polo Servizo de Medio Ambiente baixo o CSV IV7GWDS5NQN72T56DT6H6QRXEI de 2 de outubro de 2020.

Tendo en conta o informe de data 04 de novembro de 2020 emitido pola Intervención provincial con CSV IV7G4CC2ZA73LKXZYHYW54CU74 que indica que a convocatoria para a concesión das autorizacións de uso dos hortos urbanos do parque do Río Rato (1ª fase) non supón ningún gasto nin ingreso polo que non está suxeito a fiscalización limitada previa.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Administracións Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, procedese a establecer as bases que rexerán no outorgamento de uso dos bens de dominio público provincial denominado Hortos do Río Rato a cuxos efectos propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización para o uso dos denominados Hortos do Río Rato, e mediante outorgamento directo en execución da Disposición Transitoria do Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado BOP nº 156 do 9 de xullo de 2020.

2º.- Aprobar as seguintes cláusulas pola que se rexera o presente procedemento:

Obxecto. Os hortos do Río Rato no Concello de Lugo comprenden as seguintes parcelas catastrais:

27900A531000340000WE
27900A531000330000WJ
27900A531000350000WS

Réxime Xurídico. Principalmente, o contido na lexislación básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas o Real Decreto 1372/1986 , de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a lexislación non básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, o seu desenvolvemento regulamentario polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto; e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº156 do 9 de xullo de 2020.

Ademais, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de condicións e a presentación de solicitudes implica a aceptación de todos os seus extremos.

En defecto das citadas normas, serán de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento.

Destinatarios. Son destinatarios e, no seu caso, beneficiarios da autorización de uso, as persoas ou entidades que ata a data eran usuarios dos Hortos do Parque do río Rato ou de Paradai

(Disposición Transitoria do Regulamento) e limitando o outorgamento da autorización ao uso dun horto por unidade familiar, a cuxos efectos á solicitude deberá ir acompañada do certificado de empadroamento. Poderán concorrer á presente convocatoria por si ou mediante representación, sempre que contén coa plena posesión da súa capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Prazo da autorización demanial A autorización outorgarase por un prazo de dous anos. Non será en ningún caso transmisíble.

Gastos esixíbles ao adxudicatario. A autorización outorgarase con carácter gratuíto e non se esixirá a constitución de garantía.

Forma de presentación das solicitudes de participación. Os interesados presentarán no Rexistro da Deputación Provincial en sobre pechado no que se escribirá na parte exterior "Solicitude de uso do dominio público provincial denominado Hortos Urbanos do Río Rato" (Anexo I).

O prazo para a presentación da solicitude de participación será de 10 días a contar dende o día seguinte á publicación deste procedemento no BOP.

No sobre se incluírá a seguinte documentación de carácter xeral referente ás condicións para ser admitido ao procedemento:

Solicitude, de acordo co Anexo I.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura de apoderamento do representado e debidamente inscrita no rexistro mercantil, se este requisito fose esixíble, certificado da súa representación ou calquera outro documento que acredite esta representación.

Certificado de empadramento do solicitante.

Declaración responsable de non se atopar en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración Anexo II.

Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. Os licitadores deberán achegar dita declaración responsable de acordo ao Anexo II.

Mesa de seguimento para a autorización. O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de seguimento que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de outorgamento. Dita mesa de seguimento estará composta por tres funcionarios da Área de Medio Ambiente.

Cualificación previa da documentación administrativa. Examinada pola Mesa esta documentación, determinarase se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos na presente convocatoria. De existir, a Mesa excluírá do procedemento ao solicitante, salvo que o defecto, omisión ou erro material fora emendable, a cuxo efecto darase tres días dende o seguinte ao recibimento do requirimento de emenda. Non se admitirá ningunha emenda fóra do indicado prazo, declarándose a non admisión e quedarán excluídas do presente procedemento.

Asignación de horto. A asignación individualizada de cada horto realizarase ao chou, correspondendo un horto para cada solicitante admitido pola Mesa e por unidade familiar, nun acto público que se celebrará nas dependencias provinciais situadas na rúa San Marcos, 8 de Lugo ás 10:00 horas do día 14 de decembro de 2020.

Cambio de asignación do horto: Como esta convocatoria pública recae unicamente no outorgamento das autorizacións de uso dos hortos do Parque do río Rato, posteriormente os

interesados nos hortos de Paradai poderán facer esta observación na súa solicitude e interesar o cambio na asignación do horto autorizado -do horto do Parque do río Rato ao horto de Paradai- cando se realicen as pertinentes modificacións xurídicas sobre os hortos de Paradai.

Proposta de outorgamento. Rematada a asignación de hortos do Parque do río Rato, a Mesa requirirá ao interesado que non autorizou a esta Deputación Provincial para solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, para que presente a seguinte documentación, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

Obrigas Tributarias.

Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

Certificación administrativa expedida polo órgano competente desta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta.

Obrigas coa Seguridade Social. Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

Outra documentación. Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o solicitante retirou a súa proposta. Comprobada a dita documentación e individualmente por cada horto asignado, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órgano competente. Dita proposta non crea dereito ningún a favor do solicitante proposto. O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presente procedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento da presente autorización de uso notificarase aos candidatos e procederase a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público.

Xurisdición Competente. As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste clausulado serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Consideracións de carácter ambiental. As diferentes cláusulas ou puntos, de carácter medioambiental, que os usuarios deberán respectar e ter en conta, baséanse de xeito xeral no recollido nos apartados “XIII. Dereitos”, “XIV. Prohibicións”, “XV. Obrigas” e “XVI. Normas ambientais”, reflectidos no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Mais polo miúdo:

“XIII. Dereitos

36.- Os adxudicatarios das hortas terán dereito a traballala parcela adxudicada e a desfrutar dos seus produtos.

XIV. Prohibicións

37.- As hortas dedicaranse única e exclusivamente a horta familiar, cultivándose só especies para o consumo humano, en consecuencia, non poderán ser destinados a outras finalidades, quedando expresamente prohibido:

- a) O cultivo de plantas degradantes do solo.
- b) O cultivo de plantas psicotrópicas e/ou prohibidas pola Lei, así como aquelas declaradas como invasoras pola Administración.
- c) Modificar a estrutura da parcela.
- d) A realización de ningún tipo de obra e, en concreto, a instalación de calquera cerramento ou separación, churrasqueiras, táboas fixas ou bancos, nin levantar ou instalar espantallos, casetas, galpóns ou edificacións de calquera tipo, xa sexan con materiais artificiais ou naturais, nin a construción ou instalación de novos elementos ou modificación dos existentes, sen autorización da Excma. Deputación de Lugo.
- e) O cultivo de árbores, arbustos e cultivos permanentes. Os cultivos de plantas anuais non terán limitación de altura.
- f) Usar a horta como depósito ou almacén de materiais ou mobiliario.
- g) A comercialización, pola forma que sexa, dos produtos obtidos no cultivo da horta.
- h) A acumulación ou abandono de calquera material alleo á función da horta susceptible de alterar a estética do lugar.
- i) Alterar os camiños aos terreos colindantes coas hortas.
- j) Exceder os límites marcados de cada unha das hortas. Mover os marcos que delimitan os hortos. Ao usuario obrígaselle a executar o seu traballo dentro dos límites do horto adxudicado, sen exceder a súa actividade máis alá dos límites establecidos da horto.
- k) Instalar galiñeiros e/ou gaiolas para a cría ou tenencia de calquera animal, así como a presenza de animais na horta.
- l) A construción de pozos.
- m) Queimar os restos xerados na horta ou realizar algún tipo de lume.
- n) Lanzar os restos xerados na horta ou restos de desbroces e limpeza a outras hortas ou solares e non separar correctamente os residuos xerados para a súa posterior reciclaxe.
- o) A cesión, préstamo ou arrendamento da horta a un terceiro. No caso de compartir o coidado do horto con algunha persoa deberá informarse en tempo e forma a Deputación de Lugo, sobre este particular.

p) Deixar a horta sen traballar. Neste caso de imposibilidade temporal, o adxudicatario deberá xustificala debidamente ante o técnico das hortas. De non ser así, procederá a revocación da autorización.

q) Circular polo interior do recinto da hortas con vehículo de motor, sen prexuízo da posibilidade de utilizar ferramentas agrícolas de motor.

r) Calquera outro uso que non estando previsto anteriormente e produza molestias, malos olores, limite o uso e satisfacción do resto de usuarios das hortas ou afecten ao entorno do lugar.

s) Como se cita mais adiante estará totalmente prohibido o uso de material fitosanitario ou o uso de produtos para o control de pragas e enfermidades que non sexan aprobados pola Servizo de Medio Ambiente.

XV. Obrigas

38.- Os compromisos adquiridos polo adxudicatarios son:

a) Os adxudicatarios están obrigados a facer uso das hortas persoalmente.

b) Os adxudicatarios comprométense a seguir as indicacións que lles dean os técnicos da responsables

de coordinar a actividade, colaborar na forma asignada no mantemento das instalacións, mantemento do orden e asegurar o bo funcionamento das hortas.

c) Os adxudicatarios haberán de manter o entorno das súas parcelas en perfecto estado, limpo e libre de todo tipo de herbas e plantas espontáneas, así como facer uso axeitado dos espazos comúns.

d) Cada adxudicatario poderá empregar a súa propia ferramenta manual para o cultivo da horta asignada. A administración en ningún caso se fará responsable das roturas, extravío ou desaparición das ferramentas propias de cada usuario.

e) A Deputación de Lugo porá a disposición dos usuarios dos hortos de ferramenta para o traballo nos hortos, esa ferramenta será utilizada e almacenado segundo as directrices dos responsables da Administración.

No caso dalgún tipo de maquinaria como motocultor etc... o seu uso será compartido seguindo as directrices da Administración.

f) Ao finalizar o período de cesión das hortas, cada participante deberá deixar a súa horta e espazo na caseta, limpas e baleiras, de non ser así non se lles devolverá a fianza.

e) Os adxudicatarios comprométense a reparar ou repoñer aqueles bens ou utensilios que resulten danados, derrubados ou extraviados polo uso inapropiado dos mesmos.

g) A Excma. Deputación de Lugo no se fará responsable dos roubos ou actos vandálicos que poidan afectar ás hortas.

h) Os dereitos de uso da horta non poderán ser en ningún caso, obxecto de transmisión a terceiros.

XVI. Normas ambientais

39.- Non se poden utilizar produtos de limpeza ou outros que contaminen o terreo. O cultivo da horta farase de xeito respectuoso co medio ambiente seguindo os manexos da agricultura ecolóxica, estando expresamente prohibido o uso de produtos herbicidas, praguicidas e abonos químicos, a excepción dos permitidos na produción ecolóxica.

40.- Os adxudicatarios comprométense a respectar as normas da agricultura ecolóxica, especialmente as relativas ao aforro de auga usando a instalación de rego por goteo, o emprego de fertilizantes orgánicos e o uso de produtos respectuosos co medio ambiente.””

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/090.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/090, correspondente á sociedade civil Ganadería López Iglesias, S.C. (Castroverde), destinada á “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o

gandeiros”, concedéndolle unha subvención por importe de 555,70 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Don Gonzalo López Iglesias (Castroverde), en representación da sociedade civil Ganadería López Iglesias, S.C., presenta escrito con data de rexistro de entrada 5 de novembro de 2020, solicitando a renuncia a subvención SUBAGR-2019/090.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder a petición formulada por don Gonzalo López Iglesias (Castroverde), en representación da sociedade civil Ganadería López Iglesias, S.C., e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 6 de marzo de 2020, para a Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros, por importe de 555,70 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor.

“Considerando que con data 26 de xuño de 2020 aprobase en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “ Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30 de xuño de 2020 no BOP número 148.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos de cada unha das medidas agrúpanse do seguinte xeito:

“(…)

Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(…)

Fomento da cultura emprendedora

Recolle a Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e a Medida 8.2.3.4 “ Tu empleo en el rural” aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través de 4 bolsas (2 para cada medida) de axudas económicas para a alta da actividade económica segundo algunha das modalidades previstas e que se atopen situadas nalgún dos concellos relacionados no Anexo I. Dúas bolsas de axudas por cada medida, sendo a contía o 75% do SMI vixente durante 12 meses.

(…)”

Considerando que con data 9 de outubro de 2020 a Deputación de Lugo aprobou a segunda listaxe de empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”. Dentro das listaxes de empresas beneficiarias atópase:

BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
MARCELINO TIERRA Y VINOS	SOBER	CAMAREIRO	5.700€
		TRABALLADOR AGRARIO	5.700€

Considerando que 5 de novembro de 2020, a entidade Marcelino Tierra y Vinos presenta escrito de renuncia a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo (achégase renunciación). Esta preséntase antes de ter recibido cantidade algunha en concepto de subvención.

Considerando ó anteriormente exposto, de acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións así como coas Bases do Programa Prende ! Bota Raíces No Rural, proponse a esta Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a renuncia das seguintes empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural:

BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
MARCELINO TIERRA Y VINOS	SOBER	CAMAREIRO	5.700€
		TRABALLADOR AGRARIO	5.700€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 27 de setembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado,

mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 046, do sábado 23 de febreiro de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva; logo de ver a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Categoría	Nome Entidade	Nome actividade	Subvención
Organización de eventos 2019	Club Deportivo Cospeito	Torneo de Fútbol Lagoa de Valverde	523,00 €

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.